

Plan de Convivencia

CURSO 2025-2026

CPR PLURILINGÜE MARÍA INMACULADA



Amor de Dios
Fundación Educativa
María Inmaculada - Verín

PLAN DE CONVIVENCIA

Documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. É un proxecto de reflexión e pensamento no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no noso Colexio.

O Plan de Convivencia é a expresión dos propósitos e actuacións educativas referidas ao modo en que poden mellorarse as relacións no Colexio, previr a violencia escolar, facilitar o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas e responder aos problemas de convivencia que poidan xurdir dende os principios de respecto, xustiza, solidariedade e cooperación propios da convivencia democrática.

Lexislación.

- Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio , que establece que todos os centros docentes deben contar no seu Proxecto Educativo cun Plan de Convivencia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a citada lei.

1. OBXECTIVOS XERAIS

- I. Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- II. Concienciar e sensibilizar á Comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- III. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- IV. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento e seguimento, a xestión e a resolución de conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- V. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- VI. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- VII. Contribuír dende o ámbito da convivencia escolar á adquisición das competencias, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- VIII. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia.
- IX. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións da contorna que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.

2. PARA QUE O NOSO PLAN DE CONVIVENCIA ?

É moi importante definir e artellar o modelo de convivencia que queremos para o noso Colexio, porque nos leva a ir alén das sensacións, das conversas e das discusións que temos arredor deste problema, e que modulan en gran parte o “a gusto” ou “a desgusto” que nos sentimos no mesmo. Cómpre facelo sen quedar na superficie, aceptando toda a complexidade que presenta un fenómeno con moitos matices, a restase factores que debemos ter en conta, e cuxa simplificación nos levaría a perder de vista a realidade.

Polo miúdo, cómprenos:

- *Analizar e avaliar o estado da convivencia no Colexio.*
- *Definir, clarificar e espallar o modelo de convivencia que se quere no Colexio.*

O Plan de Convivencia quere dar unha resposta á preocupación común que todos os membros da comunidade escolar sentimos por artellar unha convivencia agradable e familiar no noso Colexio. Facémolo dende a convición de que todo centro educativo ten unha dobre dimensión: espazo de aprendizaxe e tamén onde se aprende a convivir...

Coidamos que a convivencia baseada no respecto ás persoas e ás normas e en cooperación entre profesores e profesoras, alumnos e alumnas, nais e pais e persoal de administración e servizos, constitúe un elemento primordial para a educación. Por iso coidamos que a preservación deste ben é un obxectivo irrenunciábel.

CO NOSO PLAN DE CONVIVENCIA PRETENDEMOS:

- *Favorecer a aprendizaxe ea integración dos alumnos e alumnas.*
- *Posibilitar a resolución pacífica dos conflitos.*
- *Desenvolver a colaboración da Comunidade Educativa para conseguir un Colexio cun ambiente agradable, seguro e educativo.*

Deste xeito, a finalidade última do noso Plan de Convivencia é recoñecer a profunda relación que teñen as dúas dimensións de aprendizaxe e de convivencia para acadar un concepto integral da educación onde os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes teñan tanto peso como o respecto, a tolerancia, a solidariedade e o compromiso co ben común.

QUEREMOS:

- *Conseguir que os alumnos e alumnas aprendan e practiquen os valores, actitudes e comportamentos que agardamos alcancen ao final da súa escolarización no noso Colexio.*
- *Facilitar a intervención eficaz ante os problemas de convivencia escolar.*

3. ANÁLISE DO COLEXIO E DO ESTADO DA CONVIVENCIA

3.1 Valoración do contexto escolar, familiar e social.

O CPR Plurilingüe María Inmaculada está situado nunha zona de transición entre o rural e o urbano, nunha vila que é cabeceira dunha bisbarra con numerosos núcleos de poboación de reducido tamaño. No aspecto económico predomina o sector de servizos aínda que tamén teñen a súa presenza os sectores primario e secundario. O noso colexio ten unha clara vocación de impartir unha ensinanza de calidade nunha contorna habitable, segura e educativa.

O alumnado tipo vive cos seus pais e nais, en casa propia e con sitio particular para estudar. Os pais traballan a meirande parte e moitas nais dedícanse a tarefas domésticas. Os estudos dos pais e nais corresponden a un nivel de educación primaria e secundaria na maioría dos casos, pero tamén é salientable o número de titulados superiores (estudos universitarios 10%, bacharelato e FP 15%, ESO e asimilables 30%, estudos primarios e sen estudos 45 %) .O noso alumnado pertence maioritariamente á crase media/baixa , habendo presenza asemade de membros doutros sectores da sociedade. Máis da metade dos domicilios dispón de ordenador e utilízanse os libros dispoñibles, aínda que non existe hábito de lectura. Os fillos colaboran nas tarefas domésticas (aínda máis as mulleres...),e

as súas afeccións principais son o deporte, saír cos amigos, ver a televisión e os videoxogos. A media de tempo de estudo é dunha hora diaria, os pais e nais axudan nas tarefas escolares dependendo do nivel de estudos, pero valoran moito as devanditas tarefas e están pendentes de que as fagan, incluso contratando clases particulares. A adaptación escolar do alumnado do Colexio é boa en xeral. A opinión que merecen os profesores/as aos alumnos e alumnas é boa na meirande parte dos caso se están a gusto cos compañeiros/as. Están cada vez máis satisfeitos/as coas instalacións.

Os pais e nais danlle moita importancia, polo xeral, ás relacións Colexio/Familia e cada vez son máis os que pertencen á ANPA. Valoran moito que os seus fillos adquiran moitos coñecementos, que teñan boas cualificacións e que sexan solidarios cos seus semellantes. A relación coas familias é boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular. A actuación dos titores/as na coordinación coas familias é salientable. As situacións particulares que afectan á convivencia e á resolución de conflitos coméntanse coa familia se procede algún tipo de intervención ou información sobre a conduta.

O profesorado manifesta maioritariamente que o comportamento do noso alumnado é, habitualmente, bo e respectuoso. Están a gusto no Colexio. As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos/as que amosan pouco interese polas súas clases, que non traballan, que non traen o material necesario, que non prestan atención e/ou distraen aos seus compañeiros/as, impedindo a marcha normal da clase. Dan unha importancia especial ao comportamento que supón falta de respecto ao profesorado, cando esta se acompaña dun enfrontamento público que pode implicar menoscabo da autoridade do mesmo ante o resto dos alumnos/as. Tamén se concede especial importancia ás condutas que supoñan discriminación, racismo ou xenofobia. Ás familias preocúpalles principalmente aquelas condutas dos alumnos/as que interfíren no proceso de ensinanza/aprendizaxe dos seus fillos e fillas, que impiden que as clases se desenvolvan nas mellores condicións. Os alumnos/as conceden especial importancia a que se respecten as súas pertenzas e a que o comportamento dos compañeiros/as non dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade.

3.2 *Problemas actuais de convivencia. Situación actual.*

Podemos afirmar que no noso Colexio non hai graves problemas de convivencia. O ambiente no Centro é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da comunidade educativa (profesores/as, alumnos/as e P.A.S.), como entre eles (profesorado-alumnado, profesorado-P.A.S., P.A.S-alumnado), é correcto e respectuoso.

O tipo de conduta problemática máis frecuente ten que ver co incumprimento de deberes ou conculcación de dereitos de carácter leve. Estes comportamentos corríxense fundamentalmente co diálogo e coa aplicación de medidas correctoras formativas e proporcionadas.

De forma illada apareceron casos de alumnos/as con comportamentos disruptivos na aula, que impedían que a clase se desenvolvese con normalidade, interrompendo ao profesor/a.

Son alumnos ou alumnas, por outra parte, que en xeral non mostraron interese ningún polas materias impartidas, en moitas ocasións non traían o material necesario á clase, repetiron curso algunha vez ao longo da súa escolaridade, presentaban trastornos de aprendizaxe e acumulaban un significativo atraso escolar.

Desde un punto de vista metodolóxico convén clasificar os problemas de convivencia que se observan no noso Colexio identificando as situacións conflitivas en función dos comportamentos observables e das habilidades que os suxeitos poñen en xogo ou das que manifestan carecer en cada situación, dos obxectivos que parecen pretender coa conduta, e das consecuencias que se derivan da mesma.

REXEITAMENTO Á APRENDIZAXE

Definición: Comportamentos realizados para evitar as situacións de ensinanza/aprendizaxe propostas para o grupo: Non aceptar nin realizar tarefas encomendadas en clase ou na casa, falta de estudo e traballo persoal, faltas de asistencia inxustificadas, non traer os materiais de traballo ... O alumno/a non interrompe a actividade lectiva.

Avaliación: A incidencia non é moi alta segundo a porcentaxe pero é merecente de atención polas consecuencias en quen as sofre.

TRATO INADECUADO.

Definición: Comportamentos relacionados coa falta de respecto ás normas de urbanidade ou ás formas de relación social que se consideran aceptables. Desconsideración verbal ou xestual cara os compañeiros/as ou o profesor/a. Falar a destempo e cun ton improcedente. Non vestir co debido decoro... Destacar que nestas condutas, polo xeral, non existe intención de ofender ou causar dano.

Avaliación: O número de alumnos/as que no teñen adquiridas as normas do bo trato social e que, por tanto, amosan un trato ou decoro inadecuado por falta de referencias adecuadas é pequeno e normalmente corríxense axiña.

CONDUTAS DISRUPTIVAS.

Definición: Comportamentos obxectivamente non agresivos que deterioran ou interrompen o proceso de ensinanza e aprendizaxe na aula. Estas condutas orixínanse polas dificultades do suxeito para adaptarse ao medio e con elas parece pretender chamar a atención do grupo ou do profesor ou profesora e obter un estatus de poder na aula: levantarse sen permiso, desobedecer ao profesor/a, interromper, molestar e non deixar dar clase.

Avaliación: Estamos ante outro dos principais problemas de convivencia escolar no Colexio. Afecta principalmente aos alumnos novos que amosan rexeitamento á aprendizaxe xa que ven moi limitadas as súas posibilidades de promoción. Esta conduta vai desaparecendo segundo van entrando na dinámica do noso colexio.

INCUMPRIMENTO DAS NORMAS.

Definición: Non respectar nin cumprir as normas de convivencia que regulamentan o uso das instalacións, a asistencia a clase, a puntualidade, a orde ea limpeza, o decoro, o consumo de produtos prohibidos (goma de mascar, pipas, tabaco...), a permanencia no recinto escolar...

Avaliación: A maioría do alumnado respecta e cumpre aceptablemente as normas de convivencia pero hai que seguir incidindo en non tirar papeis, recordando a puntualidade á primeira hora e a prohibición de comer goma de mascar no recinto escolar, o uso dos teléfonos móbiles, etc... Os problemas de absentismo redúcense a un número extremadamente reducido de alumnos/as.

CONDUTAS AGRESIVAS.

Comportamentos que se levan a cabo intencionalmente para causar dano a unha persoa ou ás súas propiedades. Pódense concretar en:

Acoso físico, verbal e/ou psicolóxico entre iguais: Insultar, ameazar, pegar, acosar, illar ou rexeitar.

- Agresións entre iguais: Resolver os asuntos de modo violento (sen reiteración nos feitos).
- Agresións ao profesorado ou persoal non docente: Ameazas e/ou agresións de alumnos cara as persoas que traballan no Colexio.
- Furto, vandalismo...: Roubar pertenzas doutros compañeiros/as, do Colexio; realizar pintadas, deterioro de materiais e mobiliario ...

Avaliación: Na actualidade o clima de convivencia é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo moi poucas veces condutas agresivas entre iguais, que se resolven fundamentalmente co diálogo e, en casos excepcionais pola súa rareza, con algunha medida correctora de carácter menor .

ACOSO ESCOLAR.

Definición: Existe acoso escolar cando un alumno/a se ve exposto/a de forma repetida e deliberada a un maltrato verbal, físico, e/ou psicolóxico por parte dun compañeiro/a ou grupo de compañeiros/as, co obxecto de sometelo, apoucalo, asustalo e/ou amedrentalo, atentando contra súa dignidade e integridade física ou moral. Cómpre distinguir entre acoso escolar e agresións esporádicas ou outras manifestacións violentas entre alumnos/as que no gardan continuidade no tempo, nin supoñen inferioridade dun dos participantes no suceso.

Existe unha situación de acoso entre escolares de darse asemade as tres circunstancias seguintes:

- Intención de facer dano.
- Reiteración de condutas agresivas.
- Desequilibrio de forzas entre acosador ou acosadores e vítima.
-

Avaliación: Estamos ante una conduta difícil de avaliar porque nunca se presentou nidia no noso colexio. Malia as dificultades en cualificar unha conduta como acoso escolar, extremamos a espreita e actuamos con determinación ante os contados casos que deron pé a unha lene sospeita. Ademais, como medida preventiva, realizamos avaliacións que nos permiten identificar os perfís de alumnos/as que poidan converterse en posibles acosadores ou acosados.

3.3 Necesidades prioritarias de mellora da convivencia.

- Aceptación do problema

O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, e o único que cabe esperar é que a prevención contribúa a reducilos. A súa aparición debería verse como outra oportunidade máis para desenvolver o labor educativo. A aceptación dun feito non significa resignación, senón unha poderosa estratexia psicolóxica que nos permite liberar a enerxía mental que queda atrapada na resistencia e empregala por enteiro na resolución do problema.

- Correcta conceptualización do mesmo

Non convén pensar que a convivencia se pode reducir a unha mera aplicación de medidas disciplinarias. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e forma parte fundamental de todo proceso educativo. Para conseguir unha boa convivencia e para lograr un clima participativo e democrático é necesario asumir a educación en todas as súas dimensións, que comprenden tanto a transmisión e adquisición de coñecementos, competencias, habilidades, destrezas e técnicas, como o desenvolvemento das actitudes, valores e normas que gozan do consenso das sociedades libres e democráticas. Debemos considerar a convivencia, correccións incluídas, como unha parte máis do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

- Dotarse dos medios e dos recursos para afrontalo

- Hai que manter un proceso continuo de análise, discusión e avaliación do modelo de convivencia que queremos para o Colexio co fin de que exista unha implicación real de todos os membros da comunidade educativa nos obxectivos que se pretenden.
- Deben desenvolverse sistematicamente programas específicos cos alumnos e alumnas tendentes a desenvolver valores e habilidades de comunicación e de relación social.
- Hai que seguir adecuando á nova problemática as respostas educativas e correctoras que se aplican para paliar os problemas de convivencia.

- A proba e validación de procedementos e protocolos de actuación para previr, paliar e atallar os problemas de convivencia deben aceptarse como algo conveniente.
- Hai que asumir que a actuación docente en materia de convivencia debe ser coherente en todo o profesorado para evitar confundir aos alumnos/ase reforzar as mensaxes construtivas sobre as súas condutas.
- E, por último, hai que conseguir que cada alumno/a reciba una resposta educativa o máis acorde posible cos seus intereses, motivacións e capacidades.
 - Formación do profesorado.

Aínda que a convivencia é unha preocupación constante entre o profesorado, son poucos os que recibiron unha formación específica sobre este tema. Seo docente ha de atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflitividade, é necesario introducir dentro da formación permanente do profesorado temas sobre o complexo mundo das relacións entre persoas no centro: xestión da clase, habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas, maltrato entre compañeiros/as, etc...

4. OBXECTIVOS DO NOSO PLAN DE CONVIVENCIA

4.1 *Obxectivos relativos á regulación da convivencia no Colexio.*

- Consegueir que os alumnos/as aprendan e practiquen o comportamento que se agarda acaden como cidadáns/ás libres, responsables e solidarios ao final da súa escolarización. Neste sentido, preténdese que o alumnado:
 - Aprendan valores e comportamentos prosociais dende o currículo e as relacións de ensinanza e aprendizaxe.
 - Practiquen condutas solidarias cos outros/as, cooperen e colaboren cos compañeiros/ase outros/as membros da comunidade escolar.
 - Teñan a oportunidade de participar de modo responsable na vida do Colexio.
- Posibilitar a resolución educativa dos conflitos e a intervención eficaz nos problemas de convivencia escolar. Trátase de axudar a “levarnos ben” resolvendo os nosos conflitos dun modo formativo nunha contorna segura de relación.

4.2 *Obxectivos referidos á prevención de conflitos.*

- Lograr a implicación de todos os membros da comunidade escolar no proceso de discusión, fixación, difusión e apropiación de normas de convivencia.
- Ter sempre actualizada a información sobre os alumnos/as que permita prever, detectar e anticiparse a posibles problemas de convivencia.

- Propiciar un clima de relacións que permita vivir e interiorizar os valores que propician unha boa convivencia.
- Aprendizaxe e práctica de comportamentos cívicos, habilidades sociais, educación en valores, educación emocional, etc...

4.3 *Obxectivos referidos a mellorar as condicións de ensinanza e aprendizaxe.*

- Favorecer a aprendizaxe e a integración escolar de todos os alumnos/as. Entendemos que satisfacendo as necesidades educativas dos nosos alumnos/as poderemos desenvolver neles/as un sentimento de vinculación e pertenza á comunidade escolar que lles permita interiorizar as normas, actitudes e valores do noso proxecto educativo. Así pois, preténdese desenvolver unha contorna educativa que facilite o “éxito escolar”, é dicir, que propicie que os alumnos/as aprendan e se sintan integrados no Colexio.

4.4 *Obxectivos para conseguir a participación, implicación e colaboración de todos os membros da Comunidade Educativa.*

- Propiciar a participación e a colaboración da Comunidade Educativa na educación e na construción dun Colexio verdadeiramente educativo para todos/as. Trátase de que:
 - ✓ O Colexio resulte educativo para todos/as e as súas prácticas sirvan de referencia para as prácticas sociais e individuais.
 - ✓ A Comunidade Educativa colabore no mantemento desenvolvemento desas prácticas.

4.5 *Obxectivos relacionados coa intervención ante problemas graves de convivencia e acoso escolar.*

- Dispor de procedementos e protocolos de actuación específicos ante problemas graves de convivencia que vulneren os dereitos dos membros da comunidade.

5. ACTUACIÓNS PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

5.1 *Regulación da convivencia no Colexio: DIRECTRICES*

En materia de convivencia e disciplina, o profesorado e o persoal non docente están sometidos á normativa correspondente na que se regula a convivencia nos centros docentes e nas que se establecen os dereitos e deberes dos seus membros, que aparecen no RRI do Colexio. Pola súa parte, as nais, os pais e os alumnos/as matriculados no Colexio están obrigados ao cumprimento das normas de convivencia establecidas.

A convivencia trabállase dende unha visión construtiva e positiva, polo que as normas que a regulan van dirixidas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, da existencia de bos vieiros de comunicación e da prevención de problemas de conduta. Daquela, aténdense as seguintes directrices:

a) Cómpre ter unhas regras de boa convivencia e unha normativa que regule o funcionamento do Colexio que sexan claras, precisase concisas. Na súa elaboración, difusión e aplicación teranse sempre presente que:

- ✓ A normas deben ser poucas, deben ser claras e deben ser coherentes.
- ✓ Unha norma que non se esixe o seu cumprimento non debe figurar.
- ✓ A persistencia na esixencia das normas é determinante á hora de conseguir que se interioricen.
- ✓ Os mesmos comportamentos deben ter sempre as mesmas respostas.

b) Os principios que deben presidir na aplicación das correccións serán:

- ✓ Educación: Cando a comisión dunha falta faga necesaria a adopción de medidas correctoras, as correccións que se impoñan deberán ter un carácter educativo e deberán contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumnado; polo que en ningún caso as correccións afectarán ao seu dereito á educación e á avaliación. A sanción acompañarase de pautas sobre como actuar, é dicir, débese informar das formas adaptadas e aceptables de conduta.
- ✓ Asertividade: O alumnado debe comprender que se sanciona o comportamento e non á persoa. Cando se comunique e aplique a sanción, haberá que recordar de maneira firme e sen amosar alteración emocional a conduta realizada ea sanción que lle corresponde.
- ✓ Inmediatez: Para que as correccións sexan efectivas aplicaranse o máis preto posible ao momento no que as faltas sexan cometidas, deste xeito o alumno/a establecerá a asociación conduta/consecuencia.
- ✓ Proporción: A corrección será proporcionada á falta, téndose en conta as circunstancias concretas que a rodeen. En función da conduta e da gravidade das súas consecuencias, nas faltas gravemente prexudiciais para a convivencia aplicarase algunha das seguintes medidas:
 - Realización de tarefas educadoras fóra ou en horario lectivo (dirixidas a reparar o dano causado, se procede).
 - Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias.
 - Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un determinado tempo.
 - Suspensión do dereito de asistencia ao colexio por un tempo determinado.
 - Cambio de centro

- ✓ Consistencia: A sanción debe responder a criterios de consistencia (os mesmos actos serán sancionados sempre) e deberá ser o suficientemente intensa como para que, coa maior brevidade posible, o alumno/a deixe de repetir estes actos. As mesmas condutas terán sempre as mesmas consecuencias, sen menoscabo dos atenuantes e agravantes que concorran naquelas.
- ✓ Interese xeral: No momento de aplicar as correccións considerárase a repercusión que as faltas teñan no resto do alumnado e nos seus dereitos.

5.2 Prevención de conflitos: ACTIVIDADES.

5.2.1 PRESENTACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA AO PRINCIPIO DE CURSO AOS PAIS E NAIS, ALUMNADO E PROFESORADO.

Responsables:

Equipo directivo, tutores/as e departamento de Orientación.

Recursos:

Material impreso co máis significativo do Plan de Convivencia e as Normas de convivencia. Soporte informático co Plan de convivencia e as Normas destinados aos departamentos ou instalación do seu contido nos ordenadores existentes.

Metodoloxía:

Convocarase os pais e nais a unha charla-coloquio monográfica sobre o tema. Editarase un boletín informativo monográfico para as familias sobre o tema. Colgarase o Plan de convivencia na nosa páxina Web. Inclusión da presentación do Plan de convivencia no Plan de acción Titorial. Celebrarase un claustro extraordinario para informar do Plan ao profesorado.

Espazos físicos:

Salón de actos. Aulas de titoría. Sala de Profesores.

Temporalización:

Primeiro trimestre.

5.2.2 DEBATE E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Responsables:

A Comisión de convivencia

Recursos:

PEC.

Metodoloxía:

A comisión analizará o Plan de Convivencia e presentará unha proposta de modificación á Dirección

Espazos físicos:

Despacho de Dirección. Sala de Profesores.

Temporalización:

Primeiro trimestre.

5.2.3 DIVULGACIÓN E DEBATE DOS ESTATUTOS EUROPEOS PARA OS CENTROS EDUCATIVOS DEMOCRÁTICOS SEN VIOLENCIA.

Responsables:

Titores/as e Departamento de Orientación.

Recursos:

Internet

Metodoloxía: Cada titor/a informa aos alumnos/as destes estatutos e provoca un debate sobre eles, seguindo as indicacións da reunión previa entre a orientadora e os tutores/as.

Espazos físicos:

Aulas de tutoría.

Temporalización:

Unha sesión de tutoría cos alumnos/as.

5.2.4 ESTABLECEMENTO DUN CLIMA DE CLASE ADECUADO DENDE AS PRIMEIRAS SEMANAS PARA MANTELO DURANTE TODO O CURSO.

Responsables:

Todos os profesores/as en xeral e os profesores/as do grupo en particular.

Recursos:

Plan de convivencia

Metodoloxía:

Establécense de forma inequívoca, nas primeiras semanas do curso, os límites que separan as condutas aceptables das que non o son mediante un proceso onde o profesor/a

procura recordar as normas e as aplica de forma inmediata, evitando que os alumnos/as máis problemáticos ensaien condutas que non son aceptables.

Na primeira sesión do Claustro de Profesores, indicárase a todos os seus membros que poñan especial énfase en recordar e debater as normas de convivencia cando a ocasión se presente e en corrixir firmemente as condutas que, pola súa frecuencia ou impacto sobre a clase, afecten decisivamente ao desenvolvemento do traballo escolar.

Espazos físicos:

Todo o Centro, especialmente as aulas.

Temporalización:

Primeiro mes do curso.

5.2.5 ACTUACIÓN COHERENTE DE TODO O PROFESORADO EN MATERIA DE CONVIVENCIA PARA EVITAR AMBIGÜIDADES E CONTRADICIÓNS QUE POIDAN CONFUNDIR AO ALUMNADO E PROPICIAR DIFERENTES COMPORTAMENTOS SEGUNDO O PROFESOR PRESENTE.

Responsables:

Todo o profesorado.

Recursos:

Decisión tomada polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente todo o profesorado. Ser consecuentes coa responsabilidade contraída. Plan de convivencia e Normas de Convivencia.

Metodoloxía:

Nas primeiras sesións do Claustro de Profesores debaterase sobre a conveniencia de unificar criterios de actuación para reforzar as condutas dos alumnos/as. Cando os alumnos/as protagonicen comportamentos contrarios ás normas de convivencia, o profesor/a actuará axustándose ás medidas contempladas no Plan de convivencia.

Espazos:

Todo o Centro, especialmente as aulas.

Temporalización:

Todo o curso.

5.2.6 ASEMBLEAS DE CLASE PARA ANALIZAR A MARCHA DA CONVIVENCIA EN CADA GRUPO E PROPOÑER ACTUACIÓNS DE MELLORA E COMUNICACIÓN DAS CONCLUSIÓNS NA XUNTA DE AVALIACIÓN.

Responsables:

Titores/as e Departamento de Orientación .

Recursos:

Cuestionario sobre a convivencia e posterior debate.

Metodoloxía:

O Departamento de Orientación elabora un cuestionario sobre a convivencia en clase. O titor/a aplica o cuestionario aos seus alumnos/as co gallo de que cada un/unhareflexione sobre os ítems incluídos neste. Seguidamente realizase un debate sobre os temas que afecten á clase. Sácanse conclusións e acórdanse medidas de mellora. O titor/a leva as conclusións e as propostas de mellora á Xunta de Avaliación para que os profesores/as do grupo as coñezan e poidan contribuír a mellorar o clima da clase.

Espazos físicos: a aula de titoría e o lugar onde se reúna a Xunta de Avaliación.

Temporalización:

Unha vez ao final de cada trimestre cos titores/as; na última sesión de titoría previa á Xunta de Avaliación .

5.2.7 CREACIÓN DUN GRUPO DE TRABAJO SOBRE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO, CON OBXECTO, ENTRE OUTROS, DE FOMENTAR ESTE VALOR DEMOCRÁTICO, ELABORANDO ACTIVIDADES PARA OS DISTINTOS NIVEIS E ORGANIZANDO UNHA XORNADA ESCOLAR DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO.

Responsables:

Equipo Directivo, profesores/as que compoñen o grupo de traballo e resto do claustro.

Recursos.

Material recompilado sobre o tema. Actividades elaboradas.

Metodoloxía:

Elabóranse actividades apropiadas para os diferentes grupos e niveis de alumnos/as que pasarán ao departamento de Orientación como depósito para que poidan ser incluídos nos Plans de Acción Titorial anuais. Así mesmo, seleccionaranse un número suficiente de actividades producidas para que os diferentes grupos de alumnos/as poidan realizalas na Xornada que se celebrará no 3º trimestre do curso sobre igualdade de xénero, onde participarán todos os profesores/as e todos os alumnos/as.

Espazos físicos:

Sala de profesores e aulas do Centro.

Temporalización:

Todo ou curso, en sucesivas sesións semanais, segundo o establecido no proxecto do grupo de traballo.

5.2.8 SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN CONTRA O MALTRATO ENTRE IGUAIS E A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Responsables:

Titores/as e Departamento de Orientación .

Recursos:

"Programa de sensibilización contra o maltrato entre iguais"

Metodoloxía:

A Orientadora informan do que se pretende que se faga nas titorías para que os alumnos/as coñezan e se sensibilicen contra o maltrato entre iguais, poñendo á súa disposición o material necesario. Os titores/as organizan nos seus grupos respectivos sesións que informan dos conceptos básicos sobre o maltrato entre iguais, estudos de casos e o que habería que facer no caso de ser vítimas, agresores ou espectadores deste tipo de maltrato.

Espazos físicos:

Departamento de Orientación e aulas de titoría.

Temporalización:

Polo menos dúas sesións de titoría en cada grupo de alumnos.

5.2.9 CELEBRACIÓN DO "DÍA ESCOLAR DA PAZ E A NON VIOLENCIA".

Responsables:

Equipo Directivo, Departamento de Pastoral, Comisión de convivencia, Departamento de Orientación, titores/as e todos os profesores/as que o desexen.

Recursos:

Normas de convivencia. Documentos escritos e audiovisuais que falen da paz e da non violencia.

Metodoloxía:

O Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia con suficiente antelación recordan que o día 30 de xaneiro se celebra o "Día escolar da non violencia e da paz, e animan a todo o profesorado para que na clase dese día recorden a data aos seus alumnos e se lles é posible realicen algunha actividade relacionada con esta efeméride: lecturas, visionado de películas e documentais, debates, composicións escritas, plásticas, musicais... Aquelas producións que se consideren axeitadas como murais e outras creacións plásticas, poderán expoñerse nos lugares habituais.

Espazos físicos:

Aulas de titoría e aulas específicas. Expositores dos corredores.

Temporalización:

2ª quincena do mes de xaneiro e 30 de xaneiro.

5.3 Participación, implicación e colaboración de todo os membros da Comunidade Escolar para conseguir un Colexio habitable, seguro e educativo: ACTUACIONES.

O Plan de Convivencia do noso Colexio plasma o consenso de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, PAS, familias e alumnado) no fomento dunha boa convivencia no Centro. Por iso, é esixible a:

- Participación activa de todos os membros da Comunidade Escolar na consecución dun Centro habitable, seguro e educativo. Para o que se utilizarán os vieiros e órganos de representación que cada sector ten determinados.
- Implicación efectiva de todo os membros de la Comunidade Escolar á hora de:
 - ✓ Denunciar feitos ou situacións que supoñan un claro atentado contra a convivencia.
 - ✓ Colaborar no esclarecemento destes feitos ou situacións.
 - ✓ Acatar as decisións adoptadas dentro do marco legal vixente.
 - ✓ Colaboración de todos os membros da Comunidade Escolar para alcanzar os obxectivos do Plan de Convivencia. Cada cal, dentro do seu campo de actuación, procurará impulsar as medidas contempladas no mesmo.

6 A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

6.1 Funcións

- I. Elaborar o Plan de convivencia e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas.
- II. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Colexio.
- III. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da CE e a resolución pacífica de conflitos.
- IV. Propor as medidas que coide oportunas para mellorar a convivencia.
- V. Dar conta das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- VI. Propor as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- VII. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar sobre o grao de cumprimento da normativa.

- VIII. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no Colexio.
- IX. Elaborar unha memoria anual, trasladarlla ao Consello Escolar e á Inspección educativa.
- X. Aqueloutras que lle sexan encomendadas dentro do seu ámbito de acción.

6.2 Composición

- Directora Titular
- Director Pedagóxico
- Responsable de convivencia
- Orientador
- Profesor/a
- Nai/pai
- Alumna/o
- Representante do PAS

6.3 Periodicidade das reunións:

- Xuntarse ao comezo e ao remate do curso e unha vez por trimestre.
- Tamén cando a ocasión o requira.
- A convocatoria deberá ter en conta a dispoñibilidade horaria de todos os seus membros para facilitar a súa asistencia.

6.4 Responsable de convivencia

Funcións:

- Colaborar coa Dirección e a Comisión no desenvolvemento e seguimento do Plan de Convivencia.
- Dinamizar aos equipos docentes para que participen e se impliquen na xeneralización e difusión da cultura de paz e dun clima de convivencia positiva, cordial e democrática, como fundamento dunha educación integral.
- Formar parte dos Equipos de mediación.
- Coordinar aos titores e equipos docentes para a incorporación nos currículos das diferentes áreas e materias aspectos relacionados coa mellora da convivencia escolar.
- Proporcionar orientacións para a xestión de aula e a solución de conflitos.
- Responder adecuadamente ante as dificultades de convivencia e prever as situacións de violencia.
- Intervir na resolución pacífica de conflitos.

- Formular propostas para promover unha convivencia positiva e pacífica, así como coordinar a súa aplicación nesta materia.
- Mellorar a sensibilización, prevención e intervención ante os problemas de convivencia escolar.
- Coñecer pautas metodolóxicas de tratamento da disrupción, antes, durante e despois da mesma.
- Coordinarse con elementos da contorna para a mellora da convivencia no Colexio.
- Participar na recollida de experiencias de interese e na difusión de boas prácticas.
- Recoller as necesidades de formación dos membros da comunidade educativa, formular propostas neste sentido e coordinar a súa posta en práctica.
- Recompilar as informacións necesarias para a elaboración, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia, así como deseñar os instrumentos que sexan necesarios.

7. RESPONSABILIDADES DOS DIFERENTES ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

7.1 Responsabilidade xeral

O Plan de Convivencia é responsabilidade de todos os membros da comunidade educativa no ámbito das súas competencias e o seu desenvolvemento levarase a cabo baixo a coordinación da Dirección.

7.2 O claustro

- Realiza propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do Colexio.
- Participa na avaliación anual da convivencia, incidindo no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propón actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

7.3 Responsabilidade do Equipo directivo

A Dirección , no ámbito das súas competencias, favorecerá a convivencia e resolverá os posibles conflitos, de acordo co Plan de Convivencia .correspóndelle:

- Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia mentres non estea constituída.
- Impulsar as actividades previstas e velar polo cumprimento das normas.

- Garantir as condicións para que haxa no Colexio un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

Ao director pedagóxico correspóndelle:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia e nas normas de convivencia do Colexio.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das relativas á mellora da convivencia reflectidas nos plans de acción tutorial e de atención á diversidade.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no Colexio.
- Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase.

7.4 Responsabilidade dos órganos de coordinación docente:

- Incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que establece o plan de convivencia e as normas de convivencia do Colexio.

7.5 Responsabilidade do Orientador

En todo o desenvolvemento do Plan de Convivencia, a Dirección no exercicio das súas competencias, os equipos docentes no seu exercicio e, de modo especial, os profesores/as tutores/as, contarán co asesoramento do Orientador do Colexio.

20.6. Responsabilidade dos tutores/as

- Informar, orientar e asesorar aos alumnos/as tutelados en todas as cuestións que teñan que ver coa convivencia.
- Controlar as actuacións contrarias ás normas de convivencia e actuar de forma conxunta coa dirección e a Orientadora para corrixilas.
- Canalizar toda a información pertinente sobre a convivencia dos seus alumnos /as tutelados cara ó órgano competente: dirección, departamento de orientación ou outros servizos.

8. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

8.1 Referentes ao seu comportamento persoal:

- A. Asistir puntualmente ás clases e ás actividades escolares.
- B. Acudir á clase debidamente aseados/as.
- C. Comportarse de forma correcta nas clases.

- D. Transcorrer polas dependencias do Colexio con orde.
- E. Levar o material preciso.
- F. Responsabilizarse dos traballos e encargos que lles encomendan.
- G. Non interromper as clases sen motivos xustificados.
- H. Non levar á clase ningún tipo de obxecto ou material que distraia a atención.
- I. Empregar un vocabulario correcto e educado.
- J. Está totalmente prohibido o consumo, e por suposto o tráfico, de tabaco ou calquera outra substancia nociva.
- K. Está prohibido estar en posesión de teléfonos móbiles ou facer mal uso dos teléfonos intelixentes en todo o recinto escolar, incluso nas entradas e saídas, no horario lectivo e durante actividades extraescolares e complementarias, agás nos casos que se poidan empregar como material pedagóxico. Nestes casos só se poderán ter baixo as indicación e supervisión do profesorado encargado.
- L. O alumnado asistirá ao Colexio coa vestimenta adecuada para cada situación e coa uniformidade debida (Chándal normalizado dos centros “Amor de Dios”) nos momentos que así se indiquen, e, en todo caso, gardando o debido decoro.
Amparado no Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de 30 de xuño, de Convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de Convivencia escolar no seu capítulo II, sección 2ª, artigo 18 de Normas de Convivencia, e ser aprobado polos órganos competentes o establecemento de uniformidade neste Colexio.
- M. Entregar os xustificantes das faltas de asistencia., formulados e asinados polos pais, nais ou representantes legais.
- N. Devolver os boletíns informativos das notas debidamente asinados polas nais,pais ou representantes legais.
- O. Ter unha actitude positiva ante os avisos e as correccións.

8.2 Referentes aos seus compañeiros/as:

- A. Tratar con respecto e deferencias ás compañeiras/os, evitando todo tipo de agresións e insultos.
- B. Respetar todas as pertenzas dos demais.
- C. Evitar calquera perturbación ou interrupción das clases.
- D. Colaborar cos compañeiros/as nas actividades escolares.
- E. Evitar todo tipo de xogos perigosos e/ou violentos.

8.3 Referentes ao profesorado:

- A. Ter un trato respectuoso e deferente con eles/as.
- B. Realizar as actividades e tarefas que lles asignen.
- C. Prestarse ao diálogo para esclarecer as cuestións que aparezan na vida do Colexio.

8.4 Referentes ao persoal de administración e servizos:

- A. Respectalos sempre que se dirixan a eles/as por algún motivo.
- B. Colaborar con elas/es para facerlle máis doado o seu labor, sempre que sexa posible.
- C. Recoñecer e valorar o traballo que realizan.

8.5 Referentes ao Colexio:

- A. Facer un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario, material escolar e calquera outro recurso.
- B. Coidar de que a aula, os corredores, os servizos e demais dependencias se manteñan limpos e ordenados.
- C. Participar, de acordo coa normativa vixente, no funcionamento do Colexio.
- D. Non ausentarse do Colexio sen autorización expresa do profesorado responsable.
- E. Coñecer a normativa e cumprila.

8.6 Sobre a asistencia a clase e xustificación de faltas

- A. Os alumnos asistirán con puntualidade a clase como medio indispensable da súa formación humana e académica.
- B. Todo o profesorado anotará os atrasos e as faltas de asistencia dos alumnos/as, sexan ou non xustificadas, nos partes de faltas establecidos ao efecto.
- C. Os alumnos/as xustificarán as súas faltas nun prazo máximo de tres días dende a súa incorporación ás clases, entregando o xustificante ao titor/a e ensinándollo previamente aos profesores implicados.
- D. O Director pedagóxico supervisará semanalmente os partes cos titores/as. Comunicaráselles aos pais por escrito as faltas dos seus fillos ao finalizar cada mes; ou de forma inmediata, por teléfono ou por escrito, cando as faltas produzan alarma.
- E. Tres horas de inasistencia a clase sen xustificar constitúen unha falta leve. Esta falta constará no expediente dos alumnos e seralle comunicada aos seus pais, nais ou representantes legais. O Titor/a, cumprimentará unha amoestación e aplicaranse as correccións por faltas leves consideradas .
- F. A acumulación de tres faltas leves por inasistencia dará lugar a unha falta grave, e ao alumno/a correspondente aplicaráselle as correccións establecidas .
- G. En todo caso, se un alumno/a faltase o 25% das horas lectivas dunha materia ao longo do curso académico seralle de aplicación o art. 44.2 do Real Decreto 732/1995, habilitándose para estes casos sistemas extraordinarios de avaliación distintos dos habituais, segundo o criterio sinalado polo Departamento Didáctico implicado. De todo o cal se informará por escrito ao alumno e aos

seus país e nais nun documento asinado polo profesorado da materia e polo Xefe de Estudos e co visto e prace da Directora.

- H. A valoración dos xustificantes das faltas enviadas polos país e nais realizaraas o Titor. En caso de solicitar a realización dun exame non feito por non asistir a clase, deberá presentarse xustificante médico ou documento de garantía abonda.
- I. En ausencia do profesor/a, os alumnos/as permanecerán na aula esperando as instrucións do profesor de garda.
- J. Os alumnos/as que tendo unha proba de avaliación e falten ás clases anteriores sen xustificar o seu absentismo debidamente (achegando certificado médico ou similar) deberán presentarse a esta.

8.7 Sobre o recreo e outros períodos de descanso

- A. Ningún alumno/a poderá abandonar inxustificadamente o Colexio durante as horas lectivas.
- B. Os alumnos/as non poden abandonar o Colexio durante as horas do recreo. O incumprimento desta norma e da anterior será de exclusiva responsabilidade do alumno/a, dos seus país/nais ou dos seus titores/as legais. O abandono do Colexio só poderá ser xustificado por un membro do Equipo Directivo.
- C. Durante as horas de clase os alumnos/as non deberán saír da aula, en casos excepcionais é o profesor/a correspondente quen concederá permiso para facelo.
- D. Cando un profesor/a teña exame, todos os alumnos/as permanecerán na aula ata o final da clase.
- E. Durante os recreos os alumnos/as non poderán permanecer nas aulas nin nos corredores, agás en casos xustificados e co coñecemento e permiso do titor/a
- F. Durante os recreos os servizos só se utilizarán para o uso ao que están destinados.
- G. Os períodos de cinco minutos entre clases seguidas utilizaranse fundamentalmente para recoller o material da clase finalizada e preparar o da seguinte sen levantarse do seu pupitre. O alumno/a evitará entrar noutras aulas que non sexa a propia do grupo.

8.8 Sobre o aproveitamento e a actitude dos alumnos/as

- A. O control de aproveitamento e actitude do alumnado comunicarase no boletín de cualificación escolar, despois de cada avaliación. Debidamente asinado polo pai, nai ou representante legal do alumno, será devolto ao profesor/titor no prazo máximo dunha semana
- B. Os país, nais ou representantes legais terán dereito a solicitar información sobre o rendemento e actitude do seu fillo a través do seu profesor titor. Así mesmo deberán acudir a cantas reunións se lles convoque ao efecto.

- C. Os profesores/as tutores/as, de acordo coa Dirección e co departamento de Orientación, poderán convocar en cada período de avaliación xuntanzas de profesores/as e alumnos/as para analizar e comentar incidencias académicas ou de convivencia.
- D. Cada profesor/a titor/a preparará cos alumnos/as cada sesión de avaliación e comunicaralles posteriormente as observacións da Xunta de Avaliación.

8.9 Sobre o material e o mantemento de instalacións

- A. Os alumnos/as, profesores/as e demais membros da Comunidade Educativa procurarán contribuír eficazmente ao mantemento da limpeza, coidado e embelecemento das instalacións e material do Colexio. Calquera dano material das instalacións producido por negligencia ou de forma intencionada, será motivo de restauración e comportará a medida correctora correspondente.
- B. Os responsables dos danos producidos nas instalacións, material ou mobiliario por negligencia, mala intención ou por uso indebido así como de subtraccións de material (do Colexio ou do alumnado) serán sancionados, esixíndose a reposición ou as reparacións precisas, mesmo económicas, a que houbese lugar. En último caso, será responsable dos danos e farase cargo da sanción o grupo, curso ou sector de alumnos onde se produza os danos, salvo constancia do responsable ou responsables dos danos ou subtraccións.
- C. Os corredores e demais dependencias do centro deberán manterse limpos facendo uso correcto das papeleiras. Quedan prohibidas todo tipo de pintadas.

8.10 Sobre outros aspectos da convivencia

- A. O recinto do Colexio está reservado aos alumnos matriculados neste, polo tanto non se permitirá a entrada de persoas alleas a non ser que veñan a realizar xestións que teñan que ver co funcionamento do mesmo.
- B. Queda prohibido o uso de aparatos gravadores e reprodutores e a utilización de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes e outros, en todo o recinto escolar que perturben o curso normal das clases, inclusive nas entradas e saídas do colexio. Estes aparatos poderán ser incautados e depositados en Dirección ata a recuperación destes polos pais, ou tutores/as legais.
- C. Prohíbese a posesión ou consumo de drogas ou bebidas alcohólicas no Colexio. Tampouco está admitido mastigar goma de mascar e pipas en todo o recinto escolar ou comer na aula.
- D. Como establece o Real Decreto 192/1998 do 4 de marzo de 1998, está rigorosamente prohibido fumar en calquera dependencia do Centro.
- E. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que

porte e que estea expresamente prohibido polas normas do Colexio, resulte perigoso para a saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes.

- F. O requirimento obriga á alumna ou alumno á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na Dirección coas debidas garantías, quedando á disposición das nais, pais ou representantes legais una vez rematada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo o dito sen prexuízo das medidas correctoras que puideran corresponder. (Artigo 11.3 Da Lei sobre a autoridade pública do profesorado).

9 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR E MEDIDAS CORRECTORAS

IX.1 Principios xerais

- Os procesos de corrección de condutas contrarias á convivencia escolar forman parte do proceso educativo, polo que as correccións deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador
- b) Garantir os dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia.
- c) Contribuír a que o alumnado corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no colexio.
- d) Ser proporcional á gravidade da conduta corrixida

- O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos.

- Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

- Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

- O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado.

- Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin á escolaridade.

- Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- Os proxenitores ou representantes legais do alumnado deberán ter puntual información sobre as corrección de condutas nos termos que establecen as leis e as normas do Colexio.

IX.2 Clases:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
- b) Condutas leves contrarias á convivencia

IX.3 Gradación das medidas correctoras.

Tomaranse en conta os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo. Reparación espontánea dos danos.
- b) A Intencionalidade ou reiteración.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos.
- d) A natureza dos prexuízos causados-
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima por calquera circunstancia.

IX.4 Reparación de danos causados.

- a) O alumnado está obrigado a reparar os danos causados individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia a todo tipo de material, instalacións e bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.
As nais e os pais ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos na lexislación vixente.
- c) Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo coa resolución que imponha a corrección da conduta.
- d) O establecido nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que correspondan.

IX.5 Ámbito de corrección

- a) En calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor.
- b) Poderán corrixirse as condutas producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

IX.6 Procedemento corrector. Aspecto formal.

- a) A constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formularse por escrito logo da tramitación do procedemento corrector.
- b) O documento considerárase, agás proba en contrario, acreditativo suficiente e contará coa presunción de veracidade. Deberá conter os seguintes datos:
 - Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
 - A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva.
 - Nome , apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou alumno incurso no procedemento e os datos identificadores dos proxenitores ou representantes legais.
 - De ser o caso, identificación das persoas que presenciase a acción ou omisión que deu lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
 - Identificación e sinatura da persoa docente que elabora o documento.
- c) Notifícase á nai, pai ou titor legal con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Comunícase á Inspección Educativa.
- d) As citacións realízanse de maneira que permitan deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
- e) A non comparecencia sen causa xustificada ou a negativa a recibir comunicacións non impedirá a continuación do proceso de corrección. As audiencias e comparecencias de nais , pais e titores legais de alumnado menor de idade so obrigatorias e a súa desatención reiterada e inxustificada comunicáraselle ás autoridades competentes quen as pode considerar como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.
- f) A resolución notifícase ao pai, nai ou titor legal nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos. Comunícase á Inspección Educativa.

10. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

10.1 Son as que se enumeran:

- a) As condutas tipificadas como:

1. As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
2. Os actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos.
4. Os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e materiais do colexio , incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
5. Os actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do Colexio, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
6. As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación ás mesmas.
7. As seis anteditas cando non alcancen a gravidade requirida

b) Portar calquera obxecto(uso de móbil, reloxo intelixente, uso indebido do *chromebook*), substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do colexio que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares , cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do Colexio seguindo o tipificado no protocolo de asentismo escolar.

d) A reiterada asistencia ao Colexio sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas norma de convivencia do Colexio.

* A reiteración dunha conduta rexistrarase como : 3 faltas leves= 1 grave. a acumulación de tres faltas leves conleva a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de tres días lectivos ata un mes.

10.2 Medidas correctoras

As devanditas condutas poderán ser corrixidas coas seguintes medidas correctoras:

1. Amoestación privada ou por escrito.

2. Comparecencia inmediata ante a Directora, o Director pedagógico ou persoa na que deleguen.
3. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
4. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Colexio en horario non lectivo.
5. Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias.(talleres, grupos Amor de Dios, saídas culturais ou formativas)
6. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante este tempo o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen.
7. Suspensión do dereito de asistencia a saída de fin de curso.
8. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Colexio por un período de ata tres días lectivos. Durante este tempo o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen.
9. Confiscación dos obxectos usados na aula ou no centro educativo que atentan a normativa (móbiles, reloxos intelixentes) sendo trasladados á dirección e recollidos polos pais/nais ou titores legais.

10.3 Responsables da aplicación das medidas.

A imposición das medidas levaraa a cabo:

- a) O profesorado do alumnado, oído este e dando conta á Directora, Director pedagógico ou persoa na que deleguen nas medidas previstas nos apartados 1, 2 e 3 das medidas correctoras.
- b) A titora ou titor do alumno/a, oído este e dando conta á Directora, Director pedagógico ou persoa na que deleguen.
- c) A Directora, Director pedagógico ou persoa na que deleguen, oídos o alumno/a, a profesora/or, ou titora/or, nas medidas 1, 2 ,3 e 4.
- d) A Directora titular, oídos o alumno/a, a súa profesora/or ou a titora/or no caso das medidas 7 e 8. A imposición destas medidas comunicarase á nai ou pai ou á representación legal antes de facelas efectivas, así como á comisión de convivencia do Colexio.

10.4 Solicitude de revisión e execución das medidas.

- Os alumnos e as alumnas aos que se lles apliquen as medidas correctoras 7 e 8, ou as persoas proxenitoras ou representantes legais poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos,

mediante escrito dirixido á Dirección, que logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

- A resolución que impoña algunha das medidas correctoras , incluído o punto anterior, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

11. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

11.1 Son as que se enumeran:

1. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e/ ou integridade persoal dos membros da comunidade educativa do Colexio ou a incitación a elas.
2. Os actos individuais ou colectivos graves que atenten contra ó profesorado, coma desafío contra a autoridade ou ao persoal de administración e servizos.
3. A gravación,manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
4. As actuacións que constitúan acoso escolar.
5. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
6. Portar calquera obxecto(uso de móbil, reloxo intelixente, uso indebido do chromebook), substancia (tabaco, vapeador, drogas, alcohol) ou produto(chisqueiros, navallas ou similares) expresamente prohibido polas normas do colexio que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares , cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar obxectos cando é requirido para iso polo profesorado.
7. Está totalmente prohibido o consumo, e por suposto o tráfico, de tabaco ou calquera outra substancia nociva.
8. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.(convértense en graves)
9. Incumprimento das sancións impostas.

11.2 Medidas correctoras

Estas condutas poden ser corrixidas coas seguintes medidas.

1. Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias do Colexio.

2. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e un mes, dependendo da gravidade ou reiteración da falta. Neste tempo o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
3. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Colexio por un período de entre catro días lectivos e un mes. Neste tempo o alumnado deberá realizar os deberes e traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
4. Suspensión do dereito de asistencia a saída de fin de curso.
5. Confiscación dos obxectos usados na aula ou no centro educativo que atentan a normativa (móbiles, reloxos intelixentes) sendo trasladados á dirección e recollidos polos pais/nais ou titores legais.

11.3 Aplicación das medidas correctoras

- A Dirección, por proposta de quen instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións devanditas en conformidade cos procedementos previstos.
- Unha alumna ou alumno poderá ser readmitido antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio.

12. PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

1. A corrección destas condutas require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos: conciliado ou común.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta, das circunstancias nas que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais e os antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. A decisión sobre a instrución e o procedemento, logo da recollida da necesaria información, correspóndelle á Dirección.
4. A Dirección informará ao profesorado titor/a e ao consello escolar das condutas que fosen corrixidas.
5. Quedará constancia da corrección destas condutas coa finalidade de apreciar a reincidencia, de ser o caso.

12.1 Determinación do procedemento de corrección

1. A Dirección, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa. Deberá estar realizada nun prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.
2. A Dirección, asesorada, de ser o caso, pola orientadora ou pola titora/or, analizará e valorará a conduta tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais da alumna/o e os seus antecedentes.
3. A Dirección, en calquera momento da instrución, á vista das repercusións que a conduta do alumno/a puidese ter na convivencia, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. Poden consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases e actividades ou ao Colexio por un período non superior a tres días lectivos.
4. Á vista das conclusións, a Dirección determinará o procedemento de corrección máis adecuado, optando sempre que se dean as circunstancias necesarias polo conciliado. Deberá intentarse na medida do posible a conciliación entre a alumna/o e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados e a reparación voluntaria dos danos materiais e/ou morais ocasionados.

12.2 Inicio do procedemento

1. A Dirección ,nun prazo de tres días lectivos, notificaralle por escrito ao alumno/a e aos proxenitores ou representantes legais da conduta merecedora de corrección e das peculiaridades e obrigas que comporta. Así mesmo notificaráselles a utilización do procedemento común ou do conciliado.
2. Nos casos que se lle ofrezca a posibilidade de corrección mediante o procedemento conciliado, os proxenitores comunicaranlle á Dirección a aceptación ou non por escrito no prazo dun día lectivo (seguinte á recepción da notificación). De non comunicar nada, aplicarase o procedemento común.
3. A Dirección designará unha persoa docente do Colexio para que actúe como instrutora independentemente do procedemento.
4. Correspóndelle á Dirección o establecer os criterios polos que se designará á persoa instrutora do procedemento.
5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:
 - Practicar as dilixencia s que coide pertinentes para a comprobación da conduta e determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
 - Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
 - Proporlle á Dirección a adopción de medidas provisionais, as medidas correctora que se vaian aplicar e , se procede, as medidas educativas reparadoras.

- Propórle á Dirección o arquivo das actuacións se tralas indagacións considera que non procede corrixir a conduta.
6. A Incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse á nai, pai ou titor legal, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento. Comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

12.3 .0 Procedemento conciliado.

1. Pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno/a corrixido e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a acordar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
2. Poderá aplicarse se se cumpren os seguintes requisitos:
 - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta/o a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
 - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados que mostren a súa conformidade a acollerse a dito procedemento.
3. *Non procederá nos seguintes casos:*
 - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
 - b) Cando a persoa agraviada e os seus proxenitores ou representantes legais non comuniquen a súa disposición a acollerse a este procedemento.
 - c) Cando o autor da conduta e os seus proxenitores ou representantes legais non comuniquen a súa disposición a acollerse a este procedemento.
 - d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, co mesmo alumno/a, para corrixir unha conduta semellante.
4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector.

12.4 Desenvolvemento do procedemento conciliado.

1. Cando o alumno ou a alumna e os seus proxenitores ou representantes legais opten polo procedemento conciliado, a Dirección convocará a persoa docente designada como instrutora/or e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. A persoa instrutora/or recordaralle ás afectadas/os e ós proxenitores ou representantes legais que están a participar nun procedemento conciliado ao que se someteron voluntariamente e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá ao alumno/a e aos seus representantes que as declaracións que se

realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. A persoa instrutora/or exporá e valorará a conduta obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras. A continuación dará a palabra á alumna/o e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no apartado de “Reparación de danos causado” deste plan de convivencia. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno/a autor/a da conduta e da persoa agraviada e dos seus proxenitores ou representantes legais. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola Dirección do Colexio.

6. O incumprimento das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da conduta mediante o procedemento común.

7. Este procedemento finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

12.5 A Persoa mediadora

1. Neste procedemento actuará unha persoa mediadora segundo os criterios que estableza a Dirección do Colexio.

2. Esta persoa non substituirá a instrutora, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as partes e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As súas funcións serán as seguintes:

- Contribuír ao proceso de conciliación.
- Axudar a que cada unha das partes comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións da outra para chegar ao entendemento.
- Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

12.6 O Procedemento común

1. Utilizarase cando a alumna/o e/ou os seus proxenitores ou representantes legais opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. Este procedemento require da instrución dun procedemento corrector-

12.7 Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da súa tramitación será unha persoa docente designada como persoa instrutora/or
2. A persoa instrutora/or deberá precisar no expediente o tipo de conduta así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade. Disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.
3. Finalizada a instrución, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e aos proxenitores ou representantes legais, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Nesta comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

12.8 Terminación

Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas.

1. Á vista da proposta da persoa instrutora/or, a Dirección do Colexio ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará os seguintes contidos:
 - a. Feitos probados
 - b. Circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade, de ser o caso.
 - c. Medidas correctoras que se vaian aplicar.
 - d. Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.
2. A Dirección do Colexio notificaralle por escrito á alumna/o e aos seus proxenitores ou representantes legais a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora/or, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.
3. As correccións que se impoñan por parte da Dirección do Colexio en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia dos alumnos/as e os seus proxenitores ou representantes legais, de acordo co establecido no artigo 57. d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.
5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

13. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN DIRECTA

13.1 Intervención ante problemas de DISRUPCIÓN NA AULA: PROTOCOLO.

Este protocolo pretende asegurar que, de maneira sistemática, se informe das condutas disruptivas que se producen, se proceda á análise das mesmas e se tomen decisións sobre as actuacións máis adecuadas para extinguir esas condutas. O protocolo inclúe as seguintes actuacións:

- *Medidas preventivas e de control*
 - a. O conxunto de medidas que se poden denominar como xestión eficaz da aula acostuman prever a aparición de condutas disruptivas ou ben axudar a controlalas desde o seu inicio
 - b. Incrementar os comportamentos desexables mediante o reforzamento positivo dos mesmos.
 - c. Construír un bo clima de clase en base á participación, elaboración e coñecemento adas normas que regularán convivencia na aula.
 - d. Conseguir o maior nivel de adaptación curricular posible mediante a modificación de obxectivos e contidos, e a introdución de novas metodoloxías.
- *Medidas ante a aparición do problema*
 - a. Redactarase o correspondente Informe (*anexo I*) para a Dirección ou persoa na que delegue e darase copia do mesmo ao Titor/a do alumno/a (que coordinará todas as actuacións posteriores).
 - b. O Titor/a traslada esta información ao resto dos profesores/as do grupo para que observen se nas súas clases se producen este tipo de condutas.
 - c. En caso necesario, reunirase o equipo de profesores/as para valorar a situación. Nesta reunión o profesor/a que comunicou o incidente proporcionará a descrición detallada dos feitos, o resto de profesores/as informarán do comportamento dese alumno/a nas súas clases e procederase á análise da situación co fin de intentar determinar os aspectos que parecen iniciar e manter a conduta disruptiva do alumno/a.
 - d. Se cómpre completar a información, a Orientadora e/ou o Titor/a manterán entrevistas co alumno/ae coa súa familia.
 - e. Posteriormente elaborárase o plan de acción que se comunicará a todos os profesores/as do grupo.

13.2 Intervención ante situacións de AGRESIÓN IMPULSIVA: MODELO

Nos colexios prodúcense agresións que presentan manifestacións diferentes: as agresións impulsivas e as de tipo premeditado. Trátase, en todo caso, de comportamentos que se levan a cabo intencionalmente para causar dano a unha persoa ou ás súas propiedades.

Características da agresión impulsiva:

- A agresión impulsiva acostuma orixinarse ante a presenza de feitos que se perciben como hostís, especialmente se o suxeito presenta unha activación emocional previa relacionada con sucesos desagradables.
- Non está premeditada, prodúcese de forma descontrolada.

Actuación co agresor/a impulsivo:

- No momento da agresión: Recoméndase deter a agresión sen incrementar a activación emocional do agresor/a para que non se amplíe o feito violento. Non hai que suxeitar ao agresor, nin dirixirse a el con expresións que conteñan xuízos sobre o seu carácter. Unha forma eficaz para deter a agresión consiste en aproximarse á vítima e emitir un forte berro sen mensaxe verbal explícito; cando o agresor detén o ataque momentaneamente por efecto do estímulo sonoro suxéitase ao alumno/a agredido, separámolo do agresor/a elévanse aos protagonistas a espazos distintos.
- Actuación posterior á agresión: En relación á sanción, o agresor/a debe ter a seguridade de que o seu acto non quedará impune e que será sancionado dun modo que lle resultará aversivo (dentro das correccións legalmente permitidas). Empregarase o *anexo I*. En calquera caso procurarase:
 - a) Sancionar inmediatamente despois da agresión
 - b) Adaptar a sanción ás peculiaridades do caso
 - c) Sancionar de forma consistente. Procurarase sancionar salientando que se sanciona o comportamento e non á persoa.
- Actuacións preventivas: A intervención complementaria ten que ir dirixida tanto a reducir a posibilidade de aparición de condutas agresivas como a ensinar habilidades prosociais. Trátase, en definitiva, de adestrara habilidade do control dos impulsos agresivos.
- Implicación dos pais do alumno/a agresor/a: O éxito da actuación desenvolvida depende en grande parte do apoio que se reciba da familia e da súa implicación no reforzo das medidas educativas realizadas no contexto escolar. Polo que cómpre aumentar a comunicación entre o Colexio e a familia desde o momento en que o alumno realiza as primeiras accións violentas. Preténdese que os pais e nais lle demostren ao fillo/a que non consentirán que realice accións violentas; corrixan se se producen estas condutas e, no seu caso, fagan que restitúan o roubado ou danado; potencien a realización de actividades non violentas e gaben as condutas prosociais.

13.3 Intervención ante situación de ACOSO entre escolares: PROTOCOLO.

1. Identificación de situacións de acoso escolar:

- O acoso entre escolares pódese levar a cabo mediante diferentes condutas:
 - Comportamentos de desprezo, difamación e ridiculización.
 - Coaccións.
 - Agresións físicas e/ou verbais.
 - Comportamentos de intimidación ameaza.

- Comportamentos de exclusión e marxinação social.
- Subtraccións, extorsións, chantaxes e deterioro de pertenzas.
- Utilización de Internet, redes sociais, mensaxes de móbiles, etc., con intención de facer dano a través de diferentes procedementos: envío masivo de correos electrónicos non desexados, difusión de imaxes sen consentimento do interesado, etc...

- É necesario distinguir entre acoso escolar e agresións esporádicas ou outras manifestacións violentas entre alumnos/as que non gardan continuidade no tempo, nin supoñen inferioridade dun dos participantes no suceso. Entenderase que existe una situación de acoso entre escolares de darse asemade as tres circunstancias seguintes:

- *Intención de facer dano.*
- *Reiteración de condutas agresivas.*
- *Desequilibrio de forzas entre acosador ou acosadores e vítima.*

2. Comunicación de situacións de acoso.

- ❖ Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal no docente) que teña coñecemento dunha situación de acoso entre alumnos/as, ou coide a existencia de indicios razoables, ten a obrigaón de poñela inmediatamente en coñecemento do equipo directivo, quen utilizará o Anexo II para a recollida inicial de información.
- ❖ Estableceranse os medios e procedementos que faciliten a comunicación das situacións de acoso. A tal efecto, porase en funcionamento unha “Caixa de correos da Convivencia” para a recollida de denuncias ou comunicacións. Esta caixa de correos será xestionada pola Dirección ou persoa na que delegue. Ademais pódense pór en marcha outros medios complementarios como correo electrónico, páxina web do centro, etc. En todos os casos garantirase o anonimato da persoa que realiza a comunicación.

3. Procedemento de intervención ante supostas situacións de acoso.

- a. Para valorar a situación denunciada a Dirección ou persoa na que delegue, seguindo as súas instrucións, solicitará ao titor/a do alumno/a afectado que recolla información relacionada con esa situación. Para o que poderá utilizar, entre outros e con carácter orientador, os indicadores que figuran no Anexo III. Se coida necesario completar esta información coa aportada desde a contorna familiar poderá utilizar os indicadores contidos no Anexo IV. Porén, poderase incorporar calquera outro tipo de información que se considere significativa. Todo coa necesaria discreción. O resultado destas actuacións comunicarse de forma inmediata á dirección no caso de ser persoa delegada pola mesma.

- b. En función da información aportada polo titor/a, a Dirección poderá establecer medidas preventivas de protección que garantan a inmediata seguridade do alumno/a presuntamente acosado. Estas medidas de protección consistirán no incremento da vixilancia naquelas zonas e durante os momentos nos que se denunciara que se pode producir o acoso e/ou cambio de grupo.
- c. Se da intervención do titor/a do alumno/a afectado se confirmara a existencia de indicios de acoso, e para verificar a situación, a Dirección instará ao titor/a, ou á persoa que designe, para que continúe o procedemento. A tal efecto manteranse as seguintes entrevistas:
- Co alumno/a presuntamente acosado.
Ao iniciar a entrevista aseguráraselle ao alumno/a a discreción das súas informacións. No desenvolvemento desa entrevista daráselle prioridade á información que permita identificar:
 - a) Alumno/a ou alumnos/as agresores/as.
 - b) Observadores/as non participantes.
 - c) Alumnos/as que, en ocasións, protexeron e axudaron á vítima.
 - d) Localización de espazos e tempos nos que pode producirse a agresión.
 - e) Consecuencias da intimidación para a vítima (absentismo escolar, diminución do rendemento académico, repercusións emocionais e físicas, etc...)
 - Con observadores/as non participantes.
Trátase de recoller información daqueles compañeiros/as que coñecen os feitos pero que nunca se involucraron activamente neles. Especialmente interesa coñecer:
 - a) Frecuencia coa que se produce o acoso.
 - b) Tipo de acoso.
 - c) Lugar onde se produce.
 - d) Sentimento de seguridade que teñen os alumnos/s no Colexio.Ao realizar estas entrevistas convén sinalar o carácter confidencial das mesmas e, en todo caso, garantir o anonimato do alumno/a con relación ás informacións que aporte.
 - Cos pais e nais da presunta vítima.
Nesta entrevista informarase sobre os feitos que se investigan, sobre as medidas preventivas adoptadas, sobre a situación de acoso e, en caso necesario, das medidas paliativas que se adoptarían. Cando se planifiquen as entrevistas evítase que coincidan os pais e nais dos alumnos/as implicados/as como supostos acosado/a e agresor/a ou agresores/as.
 - Cos pais e nais do alumno/a ou alumno/as presuntos/as agresores/as.
Nesta entrevista informarase sobre a acusación que se realizou, sobre as evidencias que existen relacionadas con esa acusación e que, de confirmarse a existencia de acoso, iniciárase o procedemento corrector legalmente establecido. En calquera caso manifestáraselle ás nais e pais a preocupación e o interese do profesorado por axudar aos alumnos/as a que establezan unhas relacións sociais axeitadas, e solicitarase a colaboración familiar para conseguir ese obxectivo.

- Co presunto/a agresor/a ou agresores/as.

Dentro do posible, a primeira entrevista realizarase inmediatamente despois de concluír a reunión cos seus pais e nais. Pediráselle ao alumno/a que informe sobre os feitos que lle están sucedendo ao alumno/a presuntamente acosado/a, e contrastarase a súa versión cos datos coñecidos.

4. No desenvolvemento do proceso contarase coa presenza e/ou asesoramento da orientadora educativa.
5. Concluídas as entrevistas, o titor/a ou persoa encargada de realizar o proceso, realizará un breve informe sobre os datos máis relevantes da situación denunciada e trasladarao á Dirección. Esta, en función da información aportada, decidirá se procede a incoación de expediente corrector ao alumno/a ou alumnos/as agresores/as, en cuxo caso aplicaralle de inmediato as medidas contempladas no Decreto polo que se regula a convivencia nos centros docentes e se establecen os dereitos e deberes dos seus membros, e trasladará toda a documentación existente ao instructor/a do mesmo. Neste caso o instructor/a, antes de finalizar o expediente, poderá pedir ao alumno/a acosador/a que propoña e adopte compromisos co fin de que cese a situación de acoso, repare moralmente ao acosado/a e colabore co profesorado na erradicación deste tipo de comportamentos. A actitude e compromiso do alumno/a ante estas propostas poderase ter en conta no momento de determinara medida correctiva que corresponda.
6. A Dirección, confirmada a situación de acoso e considerando o informe do titor/a ou persoa na que delegara, poderá solicitar a intervención máis especializada da orientadora educativa.
7. A Dirección, decidida a incoación de expediente disciplinario, informará por escrito dos feitos ás autoridades competentes.

Actuacións posteriores cos implicados nas situacións de acoso escolar.

Verificada a situación de acoso, e iniciadas as medidas correctoras previstas, a Dirección adoptará as medidas necesarias para paliar os seus efectos negativos e evitar a reprodución de situacións similares. A estes efectos disporá que se leven a cabo actuacións coa vítima, agresor/a ou agresores/ase observadores/as.

1. Actuacións coa vítima:
 - a) O titor/a, ou persoa que se designe, en colaboración coa orientadora, asesorará ao alumno/a para que adopte condutas de afrontamento adecuadas ante aquelas situacións conflitivas que, con anterioridade, remataran nunha situación de acoso. Contarase coa colaboración dos pais e nais.
 - b) O profesorado, coordinado polo titor/a, introducirá actuacións tendentes a ampliar e fortalecer o círculo de relacións da vítima. Estas medidas levaranse a cabo coa adecuada discreción para evitar que a situación persoal da vítima sexa comentada diante de todos os alumnos/as.
 - c) No caso de que se observe que o alumno/a está especialmente afectado desde o punto de vista psicolóxico, a orientadora recomendará á familia que sexa atendido polos servizos externos oportunos.
2. Actuacións co agresor/a ou agresores/as:

a) Como complemento ás accións correctoras que correspondan, o titor/a adoptará as medidas necesarias para favorecer a integración do agresor/a ou agresores/as no grupo respectando os intereses e dereitos dos demais.

b) Se cómpre, a orientadora poderá recomendarlle á familia que o alumno/a sexa atendido por especialistas externos (sanitarios, servizos sociais, etc...)

3. Actuacións cos observadores/as:

O titor/a realizará actividades co grupo de clase para que os alumnos/as coñezan como actuar ante diferentes situacións de acoso. Sobre todo:

a) Modo de reprobar as condutas de acoso

b) Modo de mostrar apoio á vítima.

c) Procedemento para illar ao agresor/a cando se comporta de modo inadecuado.

14. COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna/o corrixida/o e os seus proxenitores ou representantes legais asinan un compromiso educativo para a convivencia.
2. No antedito compromiso deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna/o e os seus proxenitores ou representantes legais, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e modificación de condutas que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co Colexio.
3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.
4. O Colexio poderá acordar coas persoas afectadas os compromisos educativos para a convivencia.

15. PRESCRICIÓN DE CONDUCTAS E DE CORRECCIÓN.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión e as leves ao mes.
2. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo non empezará a contar mentres esta non cese.

3. En caso de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado/a, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase no caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das leves prescriben aos catro meses da súa imposición.

16.DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS E DAS ALUMNAS

16.1 Dereitos

- A. Dereito a recibir unha formación integral que asegure o desenvolvemento da súa personalidade de acordo co carácter propio.
- B. Á formación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- C. Á valoración obxectiva de seu rendemento escolar, polo que o profesorado informaraos dos criterios de avaliación establecidos.
- D. A solicitar información ou aclaracións ao profesorado sobre o proceso de avaliación e as decisións conseguintes.
- E. Ao respecto á súa liberdade de conciencia e da súa liberdade relixiosa. Moral e ideolóxica e á súa intimidade en relación con elas.
- F. Ao respecto á súa integridade física e á súa dignidade persoal, así como a levar a cabo as súas actividades académicas en condicións de seguridade e hixiene adecuadas.
- G. Á participación, segundo estea previsto, no funcionamento e na vida do Colexio.
- H. A exercer o dereito de asociación, participación e reunión no Colexio, nos termos legalmente previstos.
- I. A utilizar as instalacións do Colexio coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares, e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.
- J. Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merece a Institución de acordo cos principios constitucionais e o Carácter Propio.
- K. A manifestar as súas discrepancias respecto ás decisións que lles afecten. Cando revista carácter colectivo será canalizada a través dos seus representantes na forma establecida.

- L. A recibir orientación escolar e profesional que asegure a súa liberdade de decisión, de acordo coas súas aptitudes, coñecementos, capacidades e intereses.
- M. A recibir a información que lles permita optar a posibles axudas compensatorias de carencias de tipo familiar, económico e sociocultural, así como de protección social nos casos que cumpran.
- N. A pertencer á Asociación de antigas/os alumnas/os unha vez rematada a súa relación escolar co Colexio.

16.2 Deberes

- A. Respetar o exercicio dos dereitos, deberes e liberdades de todos os membros da comunidade educativa e, en particular, o exercicio das atribucións propias do profesorado e da Dirección do Colexio.
- B. O deber básico do alumnado é o estudo, que comporta:
 - 1) O aproveitamento das súas aptitudes persoais para a adquisición dos obxectivos, dos contidos, das competencias clave e dos estándares de aprendizaxe.
 - 2) Conseguir unha boa preparación humana e académica.
 - 3) A obriga de asistir á clase con puntualidade.
 - 4) Respetar o calendario escolar e o horario establecido.
 - 5) Realizar as tarefas encomendadas.
 - 6) Respetar o dereito ao estudo dos seus compañeiros/as.
- C. O respecto á relación interpersonal como deber básico do alumnado exprésase nas seguintes obrigas:
 - 1) Adoptar un comportamento conforme ao modelo educativo da escola “Amor de Deus”.
 - 2) Cumprir as decisións dos órganos unipersoais e colexiados do Colexio, sen prexuízo de poder impugnalas cando consideren que lesionan os seus dereitos.
 - 3) Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas, así como a dignidade, a integridade e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
 - 4) Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, sexo, raza ou outra circunstancia persoal ou social.
 - 5) Participar e colaborar activamente na vida do Colexio cos demais membros da comunidade educativa.
 - 6) Coidar e utilizar correctamente as bens mobles e as instalacións do Colexio, así como todos os seus recursos, e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

17. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

- A vocación desta aula é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia a clase como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.
- Asistirán, exclusivamente, os alumnos/as que, como consecuencia da imposición da corrección ou medida disciplinaria por algunha das condutas tipificadas, se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas.
- A aula de convivencia funcionará durante todo o horario lectivo e será atendida polo profesorado que teña esta tarefa asignada.
- Está para atender ao alumnado que pola súa conduta disruptiva impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo. Nesta aula, o alumnado baixo a responsabilidade do profesorado encargado, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso que proceda.
- A Dirección será a que lle competa ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais e nais.
- Ningún alumno ou alumna poderá ser enviado a esta aula sen actividades ou tarefas a realizar durante a súa permanencia nela.
- Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cadaquén deba realizar, corrixilas e avalialas.
- A Dirección ou persoa na que delegue deberá informar aos pais , nais ou tutores legais do alumnado enviado a esta aula cada vez que asistan indicándolles a incidencia que o motivou.
- Protocolo de actuación:
 - ✓ Profesorado que envía ao alumno:
 - Só en casos que impidan o normal desenvolvemento da actividade lectiva coartando os dereitos do resto do alumnado.
 - Debe mandalo con traballo e debe valorar o mesmo.
 - Comunicarallo á Dirección ou persoa na que delegue e ao titor de ser o caso.
 - O alumno ou alumna deberá ir acompañado polo delegado de curso ou outra persoa responsable.
 - ✓ Dirección:
 - Falará co profesor ou profesora que o derivou .
 - Falará co alumno ou alumna.
 - Falará cos pais ou nais para comunicarlles os feitos e informalos da sanción.
 - ✓ Profesorado da aula de convivencia:
 - Non admitirá alumnado sen traballo para realizar.
 - Comunicará calquera feito salientable ao titor e/ou á Dirección.

- Redactará un parte de clase no que poña de manifesto a actitude do alumnado individualmente.
- Procurarase que a aula posúa un clima acolledor que facilite a reflexión e o diálogo.
- Tratarase de que o alumnado perciba a aula de convivencia como u lugar para aprender e convivir cando se orixinan alteracións de convivencia na aula propia.
- O departamento de orientación programará actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión que favoreza actitudes responsables e condutas positivas.
- Instalacións, material, profesorado...

Durante todo o horario lectivo haberá un profesor/a de garda dependendo dos horarios e das necesidades do Colexio. Neste labor estará implicado todo o profesorado do Centro. O profesor/a de garda estará sempre localizado na propia aula (no caso de que por motivo de forza maior non puidera estar , deberá comunicarllo sen falta á persoa responsable).

A aula de convivencia inclusiva é a que está situada entre a sala de profesores e o despacho do Director pedagóxico. Contará co mobiliario apropiado para a función que se lle asigna.

18. A MEDIACIÓN ESCOLAR

O que debe primar na posta en práctica da mediación escolar como estratexia de actuación ante os conflitos escolares de convivencia é o diálogo. Consiste na asistencia dunha ou varias terceiras persoas que axudan ás partes a resolver as súas diferenzas dunha maneira produtiva e positiva. Hai que sinalar que a mediación, con todas as habilidades que require (escoita activa, empatía, procura de alternativas...) é profundamente educativa.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora entre membros da CE.

En todo caso, seguiranse estas pautas:

- En conflitos entre alumnos/as mediarán alumnos/as (De ser posible).
- A participación é absolutamente voluntaria para ambas partes.
- As partes poden elixir aos mediadores/as, e en todo caso deben aceptalos.
- Todo o que se diga durante a sesión de mediación é absolutamente confidencial.
- A solución non a debe de dar o equipo mediador, debe saír das partes.
- O labor do equipo mediador é fomentar a comunicación e axudar ao esclarecemento da situación por medio da escoita activa, de preguntas abertas e de ordenación dos temas e os sentimentos en cuestión, así como promover a procura de acordos.

Cómpre sinalar que a mediación non é un recurso para todos os conflitos. Polo que só se promoverá en conflitos de convivencia entre iguais. Para o que se utilizará o Anexo V.

En conflitos graves nos que os actores non queren a mediación, esta non é útil; ademais pode resultar contraproducente ao colocar á vítima e ao agresor/a no mesmo nivel.

19. ESCOLA DE NAIS E PAIS

A escola de nais e pais propondrá iniciativas para previr e resolver conflitos, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia.

Asumiranse os seguintes compromisos referidos á convivencia no Colexio:

- Contribuír ao crecemento persoal dos fillos e fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia na familia.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores dos seus fillos e fillas.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos fillos e das fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe e un desenvolvemento harmónico da personalidade-

Dedicámoslle tempo a todo aquilo que coidamos importante, ao traballo, ao lecer..., pero non hai o costume de facelo coa experiencia familiar propia de na, pai, parella. As escolas de pais e nais son un bo lugar para palialo. Podemos mellorar:

- O noso autoconecemento persoal e familiar
- En achar novos enfoques convertendo as ameazas en retos...
- O enfrontarse a problemas e resolver conflitos.
- As habilidades sociais
- O coidado dun/a mesmo/a e da familia
- A comunicación
- O acompañamento dos fillos e fillas
- Enfrontarse aos “ciberproblemas”
- En ter criterios máis claros sobre como educar en aspectos como:
 - A afectividade
 - A sexualidade
 - As novas tecnoloxías
 - Como pór límites...
 - Diferenzar sobreprotección e agarimo

20. O PROGRAMA TEI, TITORÍA ENTRE IGUAIS

O PROGRAMA TEI, do que é autor Andrés González Bellido, comeza o seu desenvolvemento no ano 2002 e o proceso de implementación en centros educativos no 2003.

No curso 2017/2018 ponse en marcha no noso Colexio este programa, xa que coidamos que é unha ferramenta eficaz para acadar a mellora da convivencia e a eliminación do acoso escolar no centro.

É un programa de convivencia institucional que implica a toda a comunidade educativa, está encamiñado a mellorar a integración escolar e a traballar por unha escola inclusiva.

É unha estratexia educativa para a mellora da convivencia escolar, deseñada como unha medida práctica e preventiva contra a violencia e o acoso escolar.

É, ademais, un excelente recurso para potenciar a participación, concienciación, prevención e desenvolvemento da convivencia no centro educativo. Intervén en todos os elementos que integran a comunidade educativa, equipo directivo, profesorado, familia e especialmente o alumnado (titores e titorizados) que se constitúen en peza chave da convivencia e a prevención da violencia no Colexio.

Desenvolve a titorización emocional entre iguais, na EP o alumnado de 5º titoriza ao de 3º, na ESO o alumnado de 3º titoriza ao de 1º e en EI o de 6º faíno co de 4º.

20.1 OBXECTIVOS

1. Sensibilizar á comunidade educativa sobre os efectos da violencia
2. Concienciar á comunidade educativa sobre os efectos do acoso escolar e informar sobre as consecuencias persoais, sociais e educativas que este fenómeno comporta.
3. Facilitar o proceso de integración do alumnado novo no Colexio.
4. Crear un referente (titor/a) para favorecer a autoestima e diminuír a inseguridade que provocan os espazos e situacións descoñecidas.
5. Compensar o desequilibrio de poder e forza propio da violencia e do acoso dende unha perspectiva preventiva e disuasoria.
6. Integrar a “Tolerancia cero” respecto a violencia e maltrato como un trazo
7. de identidade do Centro.
8. Coñecer, desenvolver e aplicar o programa TEI.

20.2 CONTIDOS

19.2.1 Fundamentación teórica e marco legal

- Marco teórico da violencia e o acoso escolar
- Estatísticas e estudos
- Aspectos normativos e marco legal

19.2.2.- Características xerais e consecuencias

- Que é o acoso escolar?
- Tipoloxía do maltrato e incidencias do acoso nos centros Educativos
- Elementos que participan no proceso
- Triángulo do acoso

19.2.3. Aplicación e desenvolvemento do programa

- Obxectivos
- Contidos
- Competencias
- Implicacións
- Secuenciación
- Temporalización
- Información
- Formación
- Asignación de parellas
- Presentación
- Diplomas e carnés
- Desenvolvemento
- Recursos
- Memoria

19.2.4. Metodoloxía

- Bases teóricas
- Explicación da estrutura e do desenvolvemento
- Debate

19.2.5. Proceso de implementación do programa

- Aprobación
- Formación do profesorado
- Formación inicial do alumnado
 - Titores/as
 - Tutorizados/as
- Asignación de parellas
- Formación permanente
 - Actividades de cohesión
 - Actividades de tutorías
 - Actividades de formación de tutores/as
 - Actividades de avaliación
- Avaliación final
 - Claustro
 - Equipo directivo
 - Alumnado
- Memoria e proposta de mellora

21.PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PERANTE UN CASO PARTICULAR RELATIVO Á IDENTIDADE DE XÉNERO DUN ALUMNO OU ALUMNA.

21.1 Detección e comunicación

O protocolo activarase no momento en que, ben o alumno/a directamente, ben os seus representantes legais, poñan en coñecemento dalgún membro do equipo docente ou do equipo directivo a existencia dunha situación relacionada coa súa identidade de xénero. Inmediatamente, comunicarase ao Equipo Directivo, que solicitará asesoramento xurídico e recabará información relativa ao menor do seu titor/a e do Dpto. de orientación. No caso de que a comunicación proceda unicamente do alumno/a menor de idade, deberase instar a que llo comunique aos seus proxenitores ou titores legais, como representantes legais, incluso cando a normativa autonómica no teña como preceptiva a intervención de ditos representantes do alumno/a na adopción de medidas. Cando sexa precisa dita intervención, comunicarase ao alumno/a que en tanto os seus representantes no sexan coñecedores da situación, o centro non poderá desenvolver accións concretas. O centro terá en conta as decisións e opinión dos pais, nais ou representantes legais dos menores para elaborar o PLAN DE ACTUACIÓN correspondente.

21.2 Estudo e valoración

Coa información solicitada, e tralas entrevistas oportunas coa familia, determinaranse as accións concretas a desenvolver.

Sempre e en todo caso, recomendarase que, en caso de non facelo, se acuda ao facultativo de confianza da familia ou a un especialista na materia para que estude o caso con profundidade e emita a súa valoración profesional, que se terá en conta tamén para determinar as medidas a tomar.

Co consentimento e a colaboración da familia, ou de quen exerza a tutoría legal, que será informada dos feitos observados, e respectando a intimidade do alumno/a, deseñaranse un *Plan de actuación* que responda adecuadamente ás necesidades deste/a.

21.3 Intervención.

Ámbitos de actuación:

O *plan de actuación*, dentro dos límites que aconselle o respecto á intimidade persoal, comunicarase a:

- O alumno/a e á súa familia.
- Aos educadores/as do centro que teñan relación co caso concreto.
- Ao grupo-clase e, no seu caso, aos alumnos/as doutras etapas.
- Ás familias do grupo-clase e, no seu caso, ás familias doutras etapas.

Realizarase un seguimento que permita, por unha parte, adaptar o *plan de actuación* durante o proceso e, por outra, pechalo transcorrido o tempo considerado oportuno en cada caso.

Deixarase constancia escrita do plan de actuación seguido.

Medidas organizativas

- Documentación, identificación e vestimenta.

En canto á identificación do alumno ou alumna, tanto en documentos privados como oficiais, así como nos aspectos cotiáns deberá seguirse a normativa fixada por cada Comunidade Autónoma.

Como criterio xeral, permitiráselle ao alumno ou alumna utilizar o nome desexado na súa relación co resto de membros da comunidade educativa (nas actividades lectivas e non lectivas), e nas probas e documentos académicos, coa excepción daqueles con valor oficial (certificacións, avaliacións, comunicacións á Administración, etc...).

Modificaríase o nome nos documentos oficiais cando se determine o cambio no Rexistro Civil, ou no seu defecto, as normas autonómicas determinaran o procedemento .

Respecto á vestimenta, no caso de que o RRI contemplara o uso de uniforme, permitirase ao alumno vestir o uniforme segundo a identidade sexual comunicada. Con carácter xeral, permitiríase que o uniforme feminino inclúa a opción de saia pantalón.

Se o RRI non prevé o uso do uniforme, o/a alumno/a utilizará a vestimenta que coide máis acorde á súa identidade de xénero, sempre dentro do marco que estivera determinado no RRI.

- Uso das instalacións do centro.

No uso das instalacións do centro, especialmente en aseos e vestiarios, buscaranse as alternativas máis adecuadas, segundo a configuración e instalacións do mesmo, de forma que se atenda co debido respecto a situación do solicitante, sen vulnerar os dereitos e intereses do resto de alumnado

No caso de que as actividades se realicen en instalacións rexentadas por terceiros, seguiranse as normas e instrucións que estes indiquen, tendo en conta a información e orientacións proporcionadas polo centro.

ACOMPANÑAMENTO E SEGUIMIENTO POR PARTE DO PROFESORADO.

Garantírase a coordinación e formación de todos os educadores/as do Centro, que colaborarán no proceso de maduración integral da persoa na súa identidade sexual, desde o acompañamento e a formación afectivo-sexual, nun ambiente de aceptación, acollida e non discriminación.

O titor/a, xunto co Dpto. de orientación, realizará una tarefa de acompañamento destes alumnos/as do grupo no que se integran, coordinándose co resto de educadores, de conformidade coas directrices establecidas desde Dirección.

Asimesmo, durante todo o proceso recomendarase aos alumnos con dúbidas na súa identidade sexual, así como á súa familia, o asesoramento psicopedagóxico de especialistas. O informe do profesional externo será tido en conta á hora de concretar as medidas de actuación, como se indicou con anterioridade.

. SITUACIÓNS DE DISCRIMINACIÓN, ACOSO OU VIOLENCIA.

No caso de que tivera lugar calquera tipo de violencia (verbal, física, psicolóxica e/ou social), un caso de acoso ou de discriminación, con motivo da identidade sexual dun alumno/a, seguiranse os protocolos establecidos no Plan de convivencia do Centro, e na normativa vixente en materia de convivencia escolar.

Se a estas condutas violentas se engadisen outras que supoñan trato discriminatorio, estas consideraranse como circunstancias agravantes.

21.4 Seguimento

Finalizada a aplicación do protocolo, convén facer un atento seguimento da situación ao longo dun tempo prudencial, así como unha avaliación dos procedementos aplicados. As accións de formación e sensibilización que tiveran un impacto positivo serán incorporadas aos regulamentos e plans que regulan o funcionamento e a convivencia no centro.

21.5 Pasos a dar

Indicamos, a modo de resume, os pasos que constitúen o protocolo de actuacións que se describiu, unha vez comunicada a situación polo alumno/a ou polos seus representantes legais:

1. Comunicación ao Equipo Directivo.
2. Entrevista coa familia para que expresen a situación e comuniquen que medidas consideran idóneas para o caso en concreto.
3. Solicitud de información do titor/a e do Dpto. de Orientación.
4. Valoración das medidas solicitadas e/ou propostas, xunto coas disposicións normativas de aplicación para establecer o *plan de actuación*.
5. Comunicación do *plan de actuación* á familia, ao titor/a do alumno/a e aos docentes e persoal do Centro ao que poida afectar.
6. No caso de que as medidas impliquen a difusión xeral da situación:
7. Reunión cos compañeiros de clase, ou no seu caso, da etapa do alumno para explicar e sensibilizar, chamando ao respecto e á integración.
8. Reunión coas familias dos compañeiros de clase ou etapa para explicar as medidas a adoptar.

22. PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

22.1 INTRODUCCIÓN

O acoso escolar constitúe un grave problema dentro do noso sistema educativo, polo que debemos tomar medidas para erradicalo. O acoso xenericamente supón a vexación da persoa por parte dun individuo ou un grupo ata levala a unha situación de profundo estrés, xerando enormes danos, tanto físicos coma, sobre todo, psíquicos. No acoso escolar prexudícase de forma directa a integridade física e/ou psíquica do agredido/a que perde a súa seguridade moral e sofre un dano psicolóxico grave e de difícil reparación, supoñendo a perda da autoestima. Por outro lado ser rexeitado polos iguais pode diminuír a motivación de logro académico e a participación nas actividades de aprendizaxe.

Ninguén pode ser sometido a acoso físico ou psíquico. Este principio maniféstase entre os dereitos recoñecidos a todos os cidadáns/ás polo ordenamento xurídico e o costume dunha sociedade libre e democrática, recoñecemento avalado en distintas declaracións e documentos emitidos por instancias nacionais e internacionais ao longo do tempo, incluída a nosa propia Constitución. Pero ademais cando falamos de acoso a menores, persoas en formación, o problema agrávase dun xeito alarmante porque esas persoas non se atopan preparadas para asumir o acoso. O estrés xerado no menor inmerso/a neste tipo de situacións pode derivar en sensacións de inseguridade e inferioridade, indefensión, alteracións físicas e psicosomáticas. No canto do acosador, pouco apouco socialízase cunha conciencia de clandestinidade que afecta gravemente ao seu desenvolvemento persoal; vaise convertendo nunha persoa que cre que as normas están para saltalas e que non cumprilas pode chegar a proporcionarlle un certo prestixio social, o que resulta daniño para a súa autoimaxe e a súa valoración moral.

O acoso escolar non é algo novo e todos somos conscientes diso pola nosa propia experiencia vital, tanto persoal coma profesional. Os malos modos, os insultos, a provocación para iniciar unha pelexa, a pelexa mesma, a intimidación e, en xeral o comportamento de abuso social duns alumnos/as cara a outros/as, incluso co propio profesorado, é un problema que sempre existiu aínda que ata moi recentemente non fomos sensibles á súa importancia e ás súas consecuencias. O tránsito dunha disciplina autoritaria a un estilo participativo pode crear conflitos puntuais como consecuencia da aparente falla de modelo, pero ao final do proceso o normal e ao que debemos tender é a que apareza un novo modelo de convivencia que exclúa a violencia e o abuso.

Xustificada a importancia do problema, o presente documento está dirixido a todos os membros da Comunidade Educativa, ten un carácter orientador e o seu principal obxectivo é facilitar a intervención nos posibles casos de maltrato ou acoso entre iguais que poidan detectarse no noso Colexio, establecendo para o mesmo unha serie de pautas de actuación que todos coñezamos e poidamos seguir no seu momento. Isto permitirá que o procedemento resulte áxil, operativo e da maior eficacia posible, tanto no referente á prevención como no que atinxe á detección do caso concreto e á necesaria actuación subseguinte.

22.2 DEFINIÇÃO DE ACOSO ESCOLAR

Para realizar unha axeitada definición do maltrato ou acoso entre alumnos/as é conveniente coñecer as características que o diferencian das malas relacións entre compañeiros/as, xa que non todos os conflitos que xorden na convivencia diaria poden considerarse maltrato ou acoso. As malas relacións entre iguais, os problemas de comportamento e de indisciplina son conflitos que, se son solucionados adecuadamente, contribúen ao desenvolvemento de habilidades para a socialización.

O acoso escolar defínese como un comportamento prolongado de insulto verbal, rexeitamento social, intimidación psicolóxica e/ou agresión física duns alumnos/as cara a outros/as que se converten en vítimas.

Do anterior pódese deducir que para falar de acoso escolar deben darse as seguintes condicións:

- 1.- Existencia dunha vítima indefensa atacada por un compañeiro/a ou grupo de compañeiros/as.
- 2.- Presenza dunha desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre o máis forte e o máis feble. A situación é desigual, de indefensión para a vítima. O agresor establece unha relación de dominio- submisión sobre a vítima.
- 3.- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente.
- 4.- A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataque novamente.
- 5.- A intimidación refírese normalmente a suxeitos concretos. En contadas ocasións pode exercerse sobre máis dun individuo.
- 6.- A intimidación pódese exercer en solitario ou en grupo.

22.3 FASES DO ACOSO ESCOLAR

Habitualmente e de forma teórica e comunmente aceptada, recoñécense as seguintes fases nun proceso de acoso escolar:

1.- Detonante (fase de conflito) .- Un incidente crítico ou un problema non resolto produce un cambio repentino na relación. Non ten que tratarse dun incidente grave dende un punto de vista obxectivo, só ten que selo dende un punto de vista do acosador/a. Tamén pode producirse por unha percepción negativa inicial (prexuízo) do agresor cara a vítima.

2.- Fase de estigmatización.- Nesta fase o acosador/a pon en práctica toda a estratexia de acoso na súa vítima, empregando para iso sistematicamente e durante un tempo prolongado, unha serie de comportamentos perversos cuxo obxectivo é ridiculizar e apartar socialmente á vítima. Esta fase é moi duradeira no tempo e serve para estigmatizar á vítima co consentimento e incluso colaboración activa ou pasiva dos seus compañeiros/as.

3.- Fase de persecución .- O maltrato faise máis explícito. Con frecuencia implícase a outros compañeiros/as que se unen á actuación de agresión, humillación ou crítica.

4.- Fase de expulsión.- A vítima non pode enfrontarse ao acoso ao que se ve sometida, non atopando apoio nin dentro nin fóra do Centro, normalmente porque o temor lle impide comunicar ás persoas axeitadas a situación que padece. Xorde a obsesión e ao final, renuncia e acaba en situación de incapacidade moral e social.

22.4 INDICADORES PARA IDENTIFICAR AO ALUMNO/A VÍTIMA

Existe un conxunto de indicadores que nos permiten determinar cando un alumno/a pode estar sometido a un proceso de acoso escolar. Entre eles destacan os seguintes:

- a) É repetidamente identificado por alcumes, ridiculizado, intimidado, degradado e dominado polos seus compañeiros/as. Rinse del non como colegas, senón de forma pouco amigable.
- b) Sofre agresións físicas das que non pode, non sabe ou non quere defenderse adecuadamente. Presenta rabuñazos e outras mostras de lesión física
- c) O seu material está deteriorado e perde pertenzas con frecuencia.
- d) Involúcrase en pelexas onde se atopa indefenso.
- e) Está a miúdo só e excluído do grupo.
- f) Ten dificultade para falar na clase e mostrase inseguro.
- g) Aparecen síntomas de depresión, infelicidade, e distracción.
- h) Mostra un gradual deterioro do interese polo traballo escolar.
- i) Incrementase o seu absentismo, frecuentemente alegando ante os seus pais/nais distintos tipos de malestares físicos.

É moi necesario que teñamos en conta estes indicadores, pois a detección precoz do problema pode evitar que teña consecuencias imprevisibles e facilita a resolución do mesmo.

22.5 PRINCIPIOS XERAIS DE INTERVENCIÓN

A importancia do problema esixe ter presentes uns principios xerais de intervención cando teñamos detectado un posible caso de acoso escolar. Basicamente serían estes:

- a) Intervención inmediata e urxente.
- b) Intervención coordinada entre o centro educativo e instancias externas:
 - No centro educativo (Equipo Directivo, titor/a, orientador/a, profesorado, Comisión de convivencia...)
 - Con instancias externas (Inspección educativa, servizos sociais do Concello etc.)
- c) Necesidade de respectar a confidencialidade.
- d) Importancia do traballo preventivo, desenvolvendo os programas educativos necesarios.
- e) Colaboración de todos os sectores implicados.

22.6 GUIA DE ACTUACIÓN ANTE UNA SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN NOS CASOS DE ACOSO E INTIMIDACIÓN ENTRE COMPAÑEIROS/AS

22.6.1.- ORIXE DO PROCESO(COMUNICACIÓN DA SITUACIÓN)

En principio, *a solicitude de intervención pode proceder de calquera dos membros da comunidade educativa que presencie ou teña constancia de que se está producindo maltrato ou acoso: alumnado, profesorado, familias ou titores legais,PAS,etc. Para cursar dita solicitude deben terse presentes os indicadores recollidos no apartado IV, pois non toda conduta agresiva significa necesariamente acoso.*

O primeiro nivel de actuación consiste en poñer en coñecemento da situación, por escrito, ao Equipo Directivo, tendo en conta as seguintes pautas:

- *Os alumnos/as* a comunican ao *titor/a*. En calquera caso, o titor/a trasladará o escrito á Dirección.
- *Os profesores/as* porana en coñecemento da Dirección informando tamén ao titor/a.
- *As familias* comunicarana ao titor/a do alumno/a acosado, seguíndose o mesmo procedemento que no primeiro caso. De forma excepcional, esta comunicación poderá dirixirse directamente ao Equipo Directivo que á súa vez, informará ao titor/a
- Outros membros da Comunidade Educativa porana en coñecemento da Dirección. Neste caso a Dirección debe comunicarllo ao titor/a.

22.6.2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

Unha vez recibida a demanda polo Equipo Directivo, este decidirá sobre o alcance e importancia da situación co asesoramento do Departamento de Orientación e coordinará a recollida de información necesaria para o diagnóstico, especialmente co fin de determinar se se trata dun feito illado ou forma parte dun comportamento continuado. Do mesmo modo aplicará as medidas correctoras urxentes se así o aconsella a gravidade do problema.

Dado que traballamos nun centro educativo, a información recibida non se utilizará unicamente como medio de axuda e protección cara a presunta vítima, o que resulta esencial, senón tamén para a detección de condutas contrarias ás normas elementais de convivencia e a aplicación de medidas que permitan variar e reconducir ditas condutas. A fin de levar a cabo con eficacia a recollida de información, é necesario realizar unha observación sistemática. Para o que se terá en conta o seguinte:

22.6.2.1.ONDE REALIZAR A OBSERVACIÓN

- Nos lugares nos que se producen as agresións, que soen coincidir coas zonas menos frecuentadas polos adultos: entradas e saídas do centro, recreos, corredores, cambios de clase, baños, vestuarios etc.
- Na clase onde se pode observar o illamento e as burlas, moitas veces relacionadas cos aspectos académicos.

- Nas saídas extraescolares: Incidentes, conflitos, illamento, cancións ou frases despectivas etc.

22.6.2.2 .IDENTIFICACIÓN DAS ZONAS DE RISCO

Dende o momento no que se coñece a posible existencia de maltrato ou acoso cara un alumno/a, é preciso impedir que se produza unha nova agresión. Por tanto, a presenza dalgún adulto nas zonas de risco, así como que o alumno/a agredido/a evite estar só nesas zonas, serán as medidas máis inmediatas que hai que tomar. En consecuencia, a vixilancia débese extremar:

- Á entrada do colexio
- Na aula, aínda que aquí as agresións físicas son menos probables. Porén, non debemos esquecer as agresións de tipo moral.
- Nos baños
- Nos corredores
- No patio
- Nas actividades extraescolares
- Á saída do colexio

É especialmente importante ter en conta que forman parte do acoso aquelas condutas agresivas que se producen fóra do Centro, pero que teñen a súa orixe na convivencia interna. Tamén pode darse o caso contrario.

22.6.2.3.FONTES DE INFORMACIÓN

Debemos contrastar a información de varias fontes. Por conseguinte, as principais son:

- Profesorado do grupo, especialmente o titor/a.
- Profesorado que fora testemuña dalgunha conduta de acoso.
- Familia ou tutores legais.
- PAS
- Alumnado: Víctima, agresor/es, e “espectadores”.

Resulta esencial garantir a confidencialidade e discreción para poder levar a cabo a intervención con eficacia. Por tanto, en cada situación débese valorar a importancia de renunciar á recollida de datos dalgunha destas fontes. Isto non será necesario cos adultos que forman parte da comunidade educativa, pois partimos da base da súa neutralidade e existen medios para garantir a discreción. En cambio hai que ser especialmente prudentes cos alumnos/as, as familias ou tutores/as legais, xa que non sempre é posible contar cunha total discreción nestes supostos.

22.6.2.4. ESTRUTURAS QUE GARANTEN O ANONIMATO PARA EXPRESAR

DENUNCIAS.-

Un dos principais problemas que presenta o acoso entre compañeiros/as é o silencio que se produce ante o temor a converterse en obxectivo das agresións.

Polo tanto, ademais das habituais, haberá que poñer en marcha as estruturas que garantan o anonimato. Entre elas podemos sinalar:

- Caixa de correos de suxestións (Tería esta denominación, pero serviría tamén para que os alumnos/as puidesen depositar as súas denuncias)
- Telefono do Centro para comunicarse co titor/a, Departamento de orientación, e Equipo Directivo
- Correo electrónico creado ao efecto.

22.6.3.-ANÁLISE DA INFORMACIÓN E ADOPCIÓN DE MEDIDAS INMEDIATAS

22.6.3.1.ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE URXENCIA SE A GRAVIDADE DO CASO O ACONSELLA.-

Se a situación o require, o Equipo Directivo, asesorado polo Departamento de Orientación, tomará con carácter de urxencia as seguintes disposicións:

- Medidas para protexer ao alumno/a que fora agredido/a: incremento da vixilancia nos lugares onde se producira a agresión, ou onde é máis probable que se poida producir,cambio de grupo, posible derivación a servizos externos (sociais ou sanitarios), etc.
- Medidas correctoras cautelares para o agresor/es: aplicación da normativa vixente no plan de convivencia.
- Información ás familias. O titor/a e un membro do Equipo Directivo realizarán una entrevista individual con cada unha das familias do alumnado implicado, garantindo a cofidencialidade da información aportada.

Todas estas actuacións quedarán recollidas un informe escrito depositado na Dirección ata o final do proceso.

22.6.3.2.AMPLIACIÓN DA INFORMACIÓN OBTIDA

Mediante entrevistas, cuestionarios, informes e outros instrumentos, o Equipo Directivo recollerá

Por escrito datos que amplíen a información sobre:

- O alumno/a agredido
- O alumno/a ou alumnos/as agresor/es
- As familias dos implicados
- O alumnado “espectador”
- Outros

Ademais dos datos aportados polo alumnado, as súas familias, poderase pescudar información complementaria do titor/a, do profesorado do grupo ou que fora testemuña dos feitos e do Departamento de Orientación. Todo iso sen prexuízo de que poidan obterse datos doutras instancias que poidan ter algunha conexión coas persoas implicadas.

22.6.3.3.ANÁLISE E VALORACIÓN DA INFORMACIÓN RECOLLIDA.

O Equipo Directivo, co asesoramento do Orientador/a, o titor/a e o equipo docente, fará unha valoración da información recollida das diferentes fontes tratando de establecer se hai indicios de maltrato entre iguais, así como o tipo e gravidade do mesmo. Par o que se pode empregar:

- A definición e as características do acoso escolar
- O contraste entre a información obtida e distintos estudos de casos.

22.6.3.4. ELABORACIÓN DO INFORME ESCRITO

A Dirección elaborará un informe que terá en conta:

- Os datos de identificación do Colexio e dos alumnos/as implicados.
- A orixe e data da solicitude de intervención
- Unha ficha-resumo coa información recollida (tipo de agresión, espazos onde se produciu, e feitos observados) así como o contido esencial de todas as entrevistas realizadas.
- As medidas de urxencia adoptadas para a protección da vítima.
- As medidas correctoras cautelares tomadas co agresor ou agresores.
- Un resume do plan de intervención cuxo deseño será proposto polo Departamento de Orientación coa colaboración do titor/a do grupo e a coordinación da Dirección.

Se da gravidade dos feitos (confirmación do acoso) se desprende a apertura de expediente, unha copia do informe remitirase á Inspección Educativa. A Dirección responsabilizarase da custodia dos informes realizados.

22.7 PLAN DE INTERVENCIÓN

A responsabilidade de coordinar o plan de intervención corresponderá á Dirección, que contará co asesoramento do Departamento de Orientación, o cal propondrá un deseño específico para cada caso concreto. *Este plan recollerá as medidas a aplicar no Centro, na aula ou aulas afectadas e co alumnado implicado, de forma que se poida garantir o tratamento individualizado tanto da vítima, como da persoa agresora e o alumnado “espectador”.* Dito plan terá tamén unha intención preventiva, co fin de intentar evitar situacións similares no futuro. Por conseguinte, o plan de intervención recollerá as medidas preventivas propostas coa relación aos diferentes sectores que compoñen a *Comunidade Educativa.*

22.7.1. ACTUACIÓNS

O plan debe incluír unha proposta detallada das medidas que se porán en marcha e estará dirixido a distintos sectores. De forma xenérica estas son as posibles actuacións, que se especificarán despois con cada caso concreto:

22.7.1.1. COS AFECTADOS/AS DIRECTAMENTE (MEDIDAS INMEDIATAS).

VÍTIMA:

- Actuacións de apoio e protección expresa ou indirecta: aumento da vixilancia, cambio de grupo, labor tutorial, entrevistas individuais, etc.
- Programas e estratexias específicas de atención e apoio social: Métodos específicos, círculo de amigos etc.
- Posible derivación a servizos externos (sociais e/ou sanitarios)

AGRESOR/ES

- Aplicación do plan de convivencia tendo en conta a posible repercusión sobre a vítima.
- Segundo o caso, posta en coñecemento e denuncia da situación ante as instancias correspondentes.
- Programas e estratexias específicas de modificación de conduta e axuda persoal.
- Posible derivación a servizos externos (sociais e/ou sanitarios).

COMPAÑEIROS/AS DIRECTOS DOS AFECTADOS

- Labor tutorial
- Actuacións dirixidas á sensibilización e o apoio entre compañeiros/as.

FAMILIAS OU TITORES LEGAIS

- Entrevistas individuais coas familias ou titores legais do alumnado implicado, tanto vítima como agresor/es. Neste último caso deben quedar claras as posibles responsabilidades.
- Orientación sobre indicadores de detección e intervención, proporcionando pautas de actuación.
- Información sobre posibles apoios externos e outras actuacións do mesmo carácter.
- Seguimento do caso e coordinación de actuacións entre as familias e o Colexio.

EQUIPO DOCENTE

- Delimitación de responsabilidades: vixilancia nas zonas de risco, recollida de información mediante cuestionarios, propostas de traballo cooperativo en clase, etc.
- Orientación sobre indicadores de detección e intervención e pautas de actuación coa asesoría correspondente.
- Atención ás familias, tanto no caso da vítima como no do agresor/es.

22.7.1.2. COA COMUNIDADE EDUCATIVA (MEDIDAS PREVENTIVAS)

ALUMNADO

- Labor tutorial de sensibilización e prevención

- Detección de posibles situacións de maltrato, toma de conciencia da necesidade de apoio ás vítimas e tolerancia cero co acoso e a intimidación.
- Intermediación

PROFESORADO

- Sensibilización, prevención e detección de posibles situacións de maltrato
- Formación ao apoio ás vítimas e a non tolerancia co acoso e a intimidación.

FAMILIAS

- Sensibilización, prevención e detección de posibles situacións de maltrato
- Formación ao apoio ás vítimas e a non tolerancia co acoso e a intimidación.(A través dos recursos do Concello).
- Profunda implicación no desenvolvemento educativo dos seus fillos/as.

PERSOAL NON DOCENTE

- Sensibilización, prevención e detección de posibles situacións de maltrato
- Comunicación inmediata de aquelas situacións que reúnan as condicións marcadas polos indicadores de acoso

22.4.1.3. CON OUTRAS ENTIDADES OU ORGANISMOS (COLABORACIÓN)

- Establecemento de mecanismos de colaboración e actuación conxunta con outras entidades e organismos que interveñan neste campo.

22.7.2. RECURSOS NECESARIOS PARA LEVAR A CABO O PLAN

MATERIAIS: Caixa de correos de suxestións, cuestionarios, teléfono, correo electrónico, actividades de tutoría etc.

PERSOAIS: Distribución de responsabilidades entre o profesorado, alumnado e persoal non docente.

22.7.3. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN:

A) Avaliación

- Revisión e análise das medidas aplicadas.
- Propostas de mellora.

B) Seguimento:

- Manteranse as reunións individuais que se estimen necesarias cos alumnos/as afectados, así como coas súas familias, valorando as medidas adoptadas e a modificación no seu caso.
- Considerarase a posibilidade de aplicar cuestionarios de recollida de información para valorar o estado da situación.
- A Comisión de convivencia do Centro será informada en todo momento, podendo ser requirida a súa intervención directa nas diferentes actuacións.

- O Inspector do Centro será informado polo Director/a quedando constancia escrita de todas as actuacións desenvolvidas. Igualmente serán informados todos os interesados se se determina que non existe acoso.
- Ao peche do caso, manterase as actuacións contidas nos apartados 4.1.2., 4.1.3.
- A transmisión da información estará suxeita as normas de obrigatoria confidencialidade e de apoio á normalidade da escolaridade do alumnado.

23. Plan de actuacións para a igualdade.

23.1 Marco legal

1.1. Estatal

- Constitución española de 1978
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva demulleres e homes.

1.2. Autonómico

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero • Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- . Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- . Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

23.2 Preámbulo

Cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa están a funcionar no centro.

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade.
 - *O Encargado de convivencia coordina todo o relacionado coa igualdade.*
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
 - *No Plan de convivencia figuran os protocolos e medidas a adoptar por condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.*
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
 - *No PEC establécese que o CPR Plurilingüe María Inmaculada de Verín é un centro de coeducación.*
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
 - *Desenvolvemento de actividades pola Comisión de convivencia nas que se traballa a difusión , información e sensibilización.*
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
 - *Hai no Plan de convivencia un protocolo de actuación de identidade de xénero.*
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
 - *Fáltanos pasar do espírito á letra.*
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
 - *O DO está implicado e concernido no desenvolvemento das actuacións libres de toda cualificación sexista.*
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).
 - *Progámanse actividades titoriais ao respecto.*
- A coeducación como marca de identidade do Proxecto educativo.
 - *Figura na definición educativa do Colexio.*
- Plan coeducativo con anterioridade a esta instrución.
 - *Non con ese nome, pero o Plan de convivencia é un canto á igualdade.*

- Diagnóstico previo da situación da igualdade de xénero e da violencia machista no centro.
 - *A igualdade, na teoría, está na intención de toda actividade académica pero, na realidade, ás veces, impóñense os estereotipos presentes na sociedade e nas familias.*
Contra isto, cun esforzo de reflexión sobre a actividade cotiá, loitamos con diversas estratexias cuxos resultados nos conducen a pensar que estamos no bo camino. Só cómpre un pouco máis de aceleración no proceso.

23.3 Introducción.

Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos quen de transmitirle ao alumnado valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e o “normal”. De aí a importancia de traballar e a diversidade desde o sistema educativo.

23.4 Contextualización

O Plan de actuacións para a Igualdade ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

O Plan diríxese a toda a comunidade educativa. Na aplicación deste plan resulta de especial importancia a colaboración e o apoio dos departamento de orientación do centro xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora

da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición de cada comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade. Ademais, tamén constitúen un recurso clave de apoio ao alumnado por prestar atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiándoo e asesorándoo nos distintos itinerarios formativos, na elección de materias, así como nas competencias para a empregabilidade, constituíndo un elemento esencial nas políticas educativas, orientando ao alumnado na xestión da súa aprendizaxe e na súa traxectoria individual. O Plan non se limita a un segmento da poboación encadrado na comunidade educativa, o seu obxectivo resulta moito máis ambicioso, xa que, sendo a educación unha das canles con máis importancia para a transmisión de valores, preténdese que mediante esa vía se leve a cabo unha verdadeira transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación e facendo especial fincapé no grave problema social da violencia de xénero, que, como forma extrema de desigualdade, require que sexa tratado dende o ámbito educativo coa finalidade de que se difunda, dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade co obxectivo de que esa lacra social poida algún día desaparecer da nosa sociedade. Outra das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante. Para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria. Tamén é preciso procurar formación en igualdade e a reflexión entre o profesorado sobre a transmisión de estereotipos de xénero no ámbito escolar e favorecer a toma de conciencia das demais persoas que integran a comunidade educativa para reverter toda situación discriminatoria que poida ter lugar neste ámbito. Na dimensión da educación como formación profesional débese ter en conta tamén que a transmisión dende a educación duns valores sociais e culturais tradicionais nos que se outorgan determinadas cualidades e expectativas como “propias” de cada sexo, e asociadas á condición de ser muller ou ser home, segue sendo determinante na elección académica que as rapazas e os rapaces realizan, o que orixina unha división do traballo sexuada que é preciso reverter. Por outra parte é preciso que en todos os ámbitos da educación se faga énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade en todos os ámbitos, de tal xeito que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do sexo.

Para a elaboración deste Plan temos presentes catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- *Transversalidade*: A igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente en toda a actividade educativa.

- *Sociedade igualitaria*: A construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- *Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”*: É imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- *Inclusión e integración da diversidade*. A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.
- *Valores democráticos*: A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.
- *Igualdade de oportunidades*: O Colexio axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

Visibilidade: O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

23.5 Contextualización normativa e do centro

- Obxectivos coeducativos concretos no Plan de convivencia (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia).
- Obxectivos coeducativos concretos no Plan de acción tutorial (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia).
- Especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia.
- Obxectivos coeducativos concretos no Proxecto educativo.
- Actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...).
- Participación do centro en órganos consultivos ou de decisión para a prevención da desigualdade e da violencia machista.
- Participación en Plans de formación permanente do profesorado .

23.6 Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

- Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.
- Os cargos de maior responsabilidade están ocupados, na súa maioría, por mulleres. Esa circunstancia dáse tanto no profesorado como no alumnado.
- Escolarización nas distintas etapas educativas .
- O número de homes e mulleres reflicte a realidade social. Non hai maioría en sentido ningún por razóns que non sexan as da sociedade na que vivimos.
- Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.
- Neste campo coidamos que non hai incidencia de diferenciación polo xénero.
- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.
- Ata este momento non consta información ao respecto.
- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.
- Sen relación.
- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar).
- En ningún dos casos que requiriron actuación se determinaron causas de discriminación por razón de xénero.
- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (ex. deportivas, artísticas, tecnolóxicas etc.).
- Só constatamos o que está presente na sociedade en xeral.

23.7 Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

23.8 Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

23.8.1 Organización do centro.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.

- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar .
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Ofertar materias específicas de igualdade de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo.

23.8.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

23.8.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.

23.8.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa

23.9 Seguimento e sistema de avaliación.

MEDIDA

1. Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.

INDICADORES

- Elaborada: si /non
- Revisada: si/non

MEDIDA

2. Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.

INDICADORES

- Número de materias revisadas por curso

MEDIDA

3. Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.

INDICADORES

- Ligazóns en que se difunde

- Difusión: [indicación da ligazón]

MEDIDA

4. Realizar publicacións divulgativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa

INDICADORES

- N° de publicacións:
- Difusión: [indicación da ligazón]

MEDIDA

5. Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.

INDICADORES

- Número de accións realizadas

MEDIDA

6. Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

INDICADORES

- Documento de pauta elaborado: si /non
- Revisada: si/non

MEDIDA

7. Crear un espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.

INDICADORES

- Creado: si /non
- Difusión: [indicación da ligazón]

MEDIDA

8. Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos

INDICADORES

- N° de accións únicas
- N° de profesoras participantes
- N° de profesores participantes
- . N° de accións realizadas dentro doutras máis xerais
- N° de profesoras participantes
- N° de profesores participantes

MEDIDA

9. Incluir a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial de novo docente.

INDICADORES

- Incluído: si/non
- N° de profesoras participantes
- N° de profesores participantes

MEDIDA

10. Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.

INDICADORES

- N° de accións únicas
- N° de profesoras participantes
- N° de profesores participantes
- N° de accións realizadas dentro doutras máis xerais
- N° de profesoras participantes
- N° de profesores participante

MEDIDA

11. Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado

INDICADORES

- Creación: si/non

MEDIDA

12. Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.

INDICADORES

- N°de accións
- N°de mulleres participantes
- . N°de homes participantes
- N° de alumnas participantes • N.º de alumnos participantes
- N°de profesoras participantes
- N°de profesores participantes
- N°de nais participantes
- N°de pais participantes

MEDIDA

13. Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.

INDICADORES

- N° de accións
- N° de nais participantes
- N° de pais participantes

MEDIDA

14. Constituír un encontro anual para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as acción que se están desenvolvendo no ámbito da igualdade.

INDICADORES

- . Creado: si /non
- N° de mulleres participantes
- N° de homes participantes
- N° de alumnas participantes
- N° de alumnos participantes
- N° de profesoras participantes
- N° de profesores participantes

- N° de nais participantes
- N° de pais participante

MEDIDA

15. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade.

INDICADORES

- Creado no programa A (“Donas de si”): si /non
- Creado no programa B (“Por 365 días”): si /non
- Creado no programa C (“Rapazas nas TIC”): si /non
- Creado no programa D (“XXX”): si /non

MEDIDA

16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da muller.

INDICADORES

- Creado no programa A (“XXX”): si /non
- Creado no programa B (“XXX”): si /non
- Creado no programa C (“XXX”): si /non
- Creado no programa D (“XXX”): si /non

MEDIDA

17. Identificar e difundir as boas prácticas e materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.

INDICADORES

- N° de materiais identificados

MEDIDA

18. Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo

INDICADORES

- Creado: si /non
- N° de informes/documentos/ actas...

MEDIDA

19. Realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.

INDICADORES

- Creado: si /non
- Difusión: [indicación da ligazón]

MEDIDA

20. Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

INDICADORES

- Creado: si /non
- . Difusión: [indicación da ligazón]

MEDIDA

21. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias.

INDICADORES

- Creado: si /non
- N° de centros participantes
- N° de alumnas participantes
- N° de alumnos participante

MEDIDA

22. Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

INDICADORES

- Creado: si /non
- N° de recursos que inclúe
- N° de solicitudes de centros educativos

MEDIDA

23. Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.

INDICADORES

- N° de talleres/actividades educativas realizadas
- N ° de alumnas e alumnos participantes
- % de alumnas participantes

MEDIDA

24. Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.

INDICADORES

- N° de talleres/actividades educativas realizadas
- N ° de alumnas e alumnos participantes
- % de alumnas participantes

MEDIDA

25. Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

INDICADORES

- N° de accións realizadas en centros educativos para promover a imaxe das mulleres
- N ° de alumnas e alumnos participantes
- % de alumnas participantes

24.SEGUIENTO, AVALIZACIÓN E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

24.1 Seguimento: Informes de convivencia

Será a Dirección ou persoa na que delegue quen elabore un informe sobre a convivencia con periodicidade trimestral. Dito informe recollerá o número de actuacións en medidas correctoras distribuído por cursos e por grupos. Así mesmo, recollerá unha valoración dos mesmos e unhas conclusións.

Ademais, a Comisión de Convivencia realizará o seguimento e unha avaliación d Plan cunha periodicidade trimestral, elaborando outro informe que inclúa todo o ocorrido en cada trimestre en materia de convivencia, as actividades e actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas para o período seguinte.

O Consello Escolar participará no seguimento e avaliación do Plan trimestralmente, pois analizará os informes que elaboren a Dirección ou persoa na que delegue e o da Comisión de Convivencia.

24.2 Avaliación:

A avaliación do Plan realizarase no marco da Memoria Final do curso.

24.3 Revisión:

Dado o seu carácter de documento institucional para a mellora continua do Colexio, ao comezo de cada curso académico, revisarase o Plan de Convivencia para reformular, en base á análise da aplicación do programado no curso anterior e da evolución do estado da convivencia no centro, los obxectivos propostos e incorporar, de ser o caso, as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior.

Procedemento: Debate e revisión do Plan de Convivencia.

Responsables: A Comisión de convivencia

Recursos: O Plan de Convivencia do Centro.

Metodoloxía: A Comisión analizará o Plan de Convivencia e presentará una proposta de mellora, de ser o caso, á Dirección.